




# PETEIRO



Alcaldesa da Coruña  
**Inés Rey García**

Concelleiro da Área de Fomento  
e Promoción da Cidade  
**Gonzalo Henrique Castro Prado**

Coordinadora da Área de Fomento  
e Promoción da Cidade  
**Eva Blanco Sánchez**

Directora da Área de Cultura  
**Bettina Kohlhass**

Xefe do departamento de exposicións e M. H.  
**Ramón Vilas Escauriaza**

Coordinación da exposición  
**Pazo Municipal de exposicións Kiosko Alfonso**

Comisariado  
**Beatriz García Trillo**  
**Pedro Vasco Conde**

Textos  
**Beatriz García Trillo**  
**Pedro Vasco Conde**  
**Miguel Bertojo**  
**Enrique Berbel**

Produción e coordinación  
**Marcos Sánchez González**

Reprodución de Arte  
**Stephane Lutier**  
(Agás páxinas:  
134 de **Xulio Gil Rodríguez**  
139 de **Beatriz García Trillo**)

Deseño e maquetación catálogo  
**Xosé Salgado e Lia Santana**

Deseño da exposición  
**Carlos Pita Arquitectos**

Transporte e montaxe  
**Jega Gráfica SL**

**Correduría Cosnor**  
**Correduría de seguros SL**

Supervisión de textos  
**Normalización lingüística**  
- **Promoción da Lingua**

Imprime  
**Alva Gráfica SL**

Edita  
**Concello da Coruña**

Depósito Legal  
C 582-2024

#### **Coleccionistas colaboradores:**

- Concello da Coruña
- Deputación da Coruña
- Ministerio de Ciencia, Innovación y universidades
- Colección Abanca
- Beatriz García Trillo
- Enrique Berbel
- Jesús García
- Cosme Vidal
- Elisa García Vidal
- María Tomé
- Jesús Peteiro
- Carlos Andrés García Morales
- Abelardo Varela
- Xoan Piñón
- Beatriz Fernández
- José María Manzano
- Telmo López Núñez
- Luís Vázquez Arcay
- Eva Peteiro
- Miguel Pedreira
- Felipe Senén López



# PETEIRO



Pazo Municipal de Exposicións  
KIOSCO ALFONSO

23 DE ABRIL - 21 DE XULLO  
2024



## ÍNDICE

- 7** A vida e o mar en múltiples cores  
**Inés Rey**  
Alcaldesa da Coruña
- 10** Sobre Jorge Peteiro  
**Beatriz García Tillo**  
Comisaria da exposición
- 17** A vida dentro dun cuadro. Peteiro más allá da pintura  
**Pedro Vasco Conde**  
Comisario da exposición
- 29** A alegría da cor  
**Miguel Bertojo**
- 43** Jorge Peteiro: Zume nova  
**Enrique Berbel**
- 70** CATÁLOGO
- 166** Bibliografía
- 170** Exposicións
- 173** TEXTOS EN CASTELLÁN





## A vida e o mar en múltiples cores

Toda exposición dun autor consagrado e de ampla traxectoria como Peteiro navega entre a vida e a obra de quen lle puxo cor e trazo a tantos pensamentos e imaxes. Con todo, como ben explica Pedro Vasco ao comezo do seu texto, «esta non é unha exposición antolóxica nin retrospectiva» senón unha reivindicación da autenticidade que tanto caracterizou o noso Peteiro e que hoxe constitúe un dos patrimonios máis emblemáticos da Coruña.

A través do compendio das súas obras, vemos o Peteiro artista. Mais tamén o Peteiro coruñés. E a relación entre ambas as cuestións é seguramente a razón que derivou na súa vontade de romper os moldes. Primeiro, dedicándose de forma exclusiva ao exercicio artístico, pouco habitual na época pero con algúns expoñentes na nosa cidade. Compañeiros coma Xaime Cabanas ou Correa Corredoira. E segundo, atrevéndose a facer un tipo de arte pouco convencional, alentado pola condición vangardista e pioneira que tanto ten identificado á Coruña e aos seus artistas.

Esta é só unha mostra de todo o que Peteiro nos ten deixado. Nela observamos desde unha serie de paisaxes americanas, con Nova York como cabeceira, ata diferentes símbolos eclesiásticos ou diversas paisaxes galegas que van desde Lugo a Pontevedra pasando por Compostela e a Costa da Morte. Imaxes que motivaron o trazo de Peteiro cara á súa propia interpretación e que hoxe compoñen o seu imaxinario máis persoal.

Porén, A Coruña tivo sempre un lugar destacado. A Casa das Ciencias, a Torre de Hércules ou o Castelo de San Antón forman hoxe parte desta colección. Mais tamén a Mariña e a Dársena ou o Parrote, e paisaxes limítrofes coma Betanzos ou Mera. A mellor expresión de que o local tamén é universal, e non hai forma máis especial de ser universal que desde un profundo sentimento cara á Coruña.

O mar échenos de vitalidade e bravura. Un elemento encantador que para nós é cotiá e que Peteiro debullou na práctica totalidade das súas obras. Mesmo facendo uso da súa retranca, coa obra 'Mellor pescar' na que explica a faena do mar dunha forma especial: «Home! A xente... o que se di traballar non traballa. Mellor ir de pesca». Afección que compartía co seu pai.

«Pintó hasta el último día de su vida» explica Beatriz sobre Jorge, rematando así a súa apertura deste catálogo. De forma directa. A mesma na que Peteiro rematou a súa obra. Unha traxectoria dedicada á vida e ao mar en múltiples cores. Arte icónica que aquí celebramos.

**Inés Rey**

Alcaldesa da Coruña

*“ Mi pintura, es la alegría de vivir,  
la de los factores positivos de la existencia.  
Es una apuesta por la vida y por la inocencia ”*

**Jorge Peteiro**

Foto: Víctor Echave





## Sobre Jorge Peteiro

**Beatriz García Tillo**

Comisaria da exposición

Cheguei á praza de País Valencià, de Valencia. Corría o outono de 1981. El apareceu como unha exhalación na súa bicicleta: a melena ao vento, o bigote ao Dalí, a camisa de volantes na pecheira. Foi unha coincidencia, non nos volvemos separar.

Xa estiveramos xuntos na Coruña cando aínda vestiamos uniforme.

El xa facía representacións de Bertolt Brecht e cinema en súper 8. Xa era unha persoa con estrela.

Separámonos un venres debaixo dun sinal de tráfico na praza de Ourense diante a disxuntiva dos seus amigos ou eu. Díxenlle: “Vai cos teus amigos”.

Eu fora a Valencia por el, por el e por Sorolla, por Sorolla e por Blasco Ibáñez.

Valencia era todo luz, todo sombras violeta, pero Jorge dicía que había tanta luz que os matices quedaban cegados, que había máis cor en Galicia, máis matices, máis variedade.

Na Facultade de San Carlos eu convertínme nunha boa alumna e el nun alumno lendario.

Jorge cría na maxia, cría nela porque a tiña. Xa desde os seus primeiros traballos notábase o seu sentido do humor e a súa fantasía, o seu sentido lúdico da vida.

*Peteiro*

Fixo a especialidade de gravado. Eran os oitenta e non lle interesaban demasiado as vangardas conceptuais que entón se manexaban en pintura.

O seu grande amigo alí foi o pintor Alfonso Sanjurjo e ambos indubidablemente exercían de galegos sen querelo.

Os veráns pasabámoslos en Galicia viaxando, viaxando e debuxando.

Despois de Valencia, de 1985 a 1989, traballou de profesor nos institutos de Ortigueira, Ribeira e Cambados, cambiando, como el dicía, de santa e de ría. En Ribeira fixo dous dos que serían os seus grandes amigos, o filósofo Rafael Varela, co que escribiría o manifesto maximalista, e o químico Fernando Domínguez. Chamábanlles “Os tres marqueses”.

Recordo que en Ortigueira fixo unha exposición na que puxo de petisco tortilla de ortigas. En Ribeira empezou a traballar sobre madeira e sobre caixas de peixe e tamén a estudar os indios americanos que o apaixonaban. “Empecei estudando os indios e acabei pintando coma eles”, dicía. Foi unha época creativamente moi importante porque definiu as bases da súa obra.

Alternábanse as visitas a Ourense e a súa comarca e as estancias en Lugo, onde eu estaba destinada nas escolas de Artes e Oficios, o que nos permitía ir descubrindo tantísimas marabillas. Estivese onde estivese non paraba de traballar e o seu sentido da cor íase acentuando á vez que ía expoñendo o seu traballo alí por onde pasaba.

Marchou a Nova York da man de Carmen García Rodeja e alí quedou instalado, enfronte do Flatiron, en plena gran mazá, foi unha época nutritiva moi fértil. Como é lóxico, a soidade permitiulle traballar a reo e profundar no seu estilo e o que alí viviu axiña se transformou nun depurado sentido da cor e a forma que xa non abandonaría xamais e que curiosamente xeraría unha linguaxe profundamente unida ás súas raíces.

Igual que nunca perdeu o seu acento, nunca perdeu a súa esencia nin o seu modo de ver, pero o seu modo de traballar levouno a un estilo propio definido e inconfundible, xenuíno.

Xa de regreso pasamos un ano en Compostela ao acubillo do santo, nos xardíns de San Francisco. Continuamos gozando da amizade de Rafa Varela, que vivía alí, e do seu amigo da infancia Telmo López Núñez, que nunca deixou de acompañarnos. Tamén recordo por alí a Quique Berbel, amigo que sempre se ocupou de facilitarlle contactos e levarlle as súas relacións públicas. Comezaron as exposicións en Vigo en Caixa Galicia, na galería Severo Pardo. Alí contabamos co apoio de Laxeiro amigo desde que eramos estudantes. Ese mesmo ano, xa no verán, expuxo no Hotel Araguey de Santiago por onde acertou a pasar Epifanio e comezou a relación coa familia Campo, grandes coleccionistas da súa obra.

Algo que non se pode pasar por alto, común a estes e aos anos seguintes, son os veráns en Carnota, en Lira, fonte de inspiración inesgotable e onde traballaba igual de incansablemente.

Alí, naqueles veráns familiares e mareiros cada buguina, cada roca antropomorfa, cada posta de sol, quedaron gravadas na súa retina para sempre. Pescar, bañarse, mergullar, pasear, mirar.... un infinito feito cadros.

Despois chegaron os anos de novo na Coruña (sempre detrás dos meus destinos como profesora), que, aínda que atarefados e caóticos, foron moi frutíferos. Chegaron tamén grandes exposicións e grandes encargos, a Galería Punto en Valencia, A Casa de Galicia e a Galería Faunas en Madrid e con ela Guillermo Planas, que trouxo co tempo o proxecto máis relevante, os murais no Brasil para os parques eólicos Ventos do Sul en Ossorio, unha experiencia inmersiva inigualable.

De entre as exposicións desta época lembro especialmente a que realizou na estación marítima da Coruña, polas dimensións do espazo e da obra alí presentada.



Algo que non comentei foi a súa afección polo cinema. Xa desde Valencia, onde viamos dúas películas de sesión continua no cinema Mavis en Benimaclet onde viviamos, ata o hábito case diario de ir na Coruña ou onde estivésemos. Era unha das súas grandes diversións. Non era un cinéfilo, nunca foi de intelectual, senón un grande amante do entretemento.

Outra das súas afeccións eran as performances, as da Fura dels Baus eran as súas favoritas. El xa exercera instintivamente no colexio de forma natural cando nun recreo amontoou todas as cadeiras da aula no centro como se dun *poltergeist* se tratase, e así apareceu a clase para asombro de todos os seus compañeiros.

Quizais desa época do Colexio de Santa María do Mar quedou tamén a semente da súa futura amizade con Ramón Núñez Centella, que sería tan frutífera e que culminaría na espectacular vidreira do MUNCYT da Coruña.

O seu estudio era entón un centro de encontro. Estaba nun baixo no Paseo das pontes, en Calvo Sotelo, e a súa porta estaba literalmente aberta, o que propiciaba as reunións. Sempre había alguén. Recordo a Xaime Cabanas, con quen compartimos veráns e viaxes e el, persoalmente, comidas coa súa nai (a de Xaime), a Víctor Echave, e a tantos outros que sabendo que alí estaba non deixaban de ilo ver... e a Fina, a súa nai, que sempre lle deu a chave que abriría a súa sorte.

El quería construír unha casa-estudio, e fíxoo.

Foi unha época de moito trote, de moitísimo traballo, pero chegou o día de ver o seu soño realizado e con el chegou o desenvolvemento, a eclosión, a madurez. Así puido realizar os proxectos xa mencionados do MUNCYT e do Brasil, pero tamén moitos outros, como os murais para o edificio Vivienda Confort na Coruña, ou o do miradoiro do Monte do Faro en Chantada, na Ribeira Sacra, entre outros.

Pero, a pesar de todo, esta época de Sada foi unha época tranquila, tranquila e ordenada, onde deu renda solta aos seus soños.

Erguíase moi cedo e almorzaba amodo, tomaba zume, café, tostadas e saía fumar ao soportal, ao xardín, despois de saudar as cadelas.

Dirixíase ao estudio inmediatamente e o primeiro que facía era ordenar os materiais. Oíase como argallaba entre bastidores, ordenaba lapis, axustaba cabaletes e falaba por teléfono. Non lle gustaba a radio nin escoitar música cando traballaba. A súa paleta estaba limpa e ordenadísima. Estaba moi tranquilo cando pintaba, facíao concentrado e sen distraccións.

Cando se detiña, miraba os camelios pola xanela e saía ao xardín para gozalos. Ía dar un paseo coas cadelas e nadaba un intre. Tomaba outro café e continuaba traballando.

Gustáballe falar cos xardineiros, que sempre pasaban respectuosamente a saudalo. Era amable con todo o mundo e ocupábase de cousas da casa, que se a caldeira, que se os paneis solares. Era moi organizado e optimista.

Despois de comer lía un intre e durmía a súa imprescindible sesta, sempre, estivese onde estivese.

Cando se levantaba, tomaba outro café e volvía ao traballo. Facíao con calma e alegría, con confianza, coa mesma que tiña cando pintaba. Non dubidaba, apenas corruxía, non repetía, e así seguía ata que a iso das sete adoitaba chegar algunha visita. Ao principio seguía traballando ata que coas risas chegaba o inconfundible balbordo do fútbolín ou do pinball. Non perdera as ganas de seguir xogando e o seu estudio reflectíao.



Desde o altiño onde debuxaba víase reflexionar, abstraerse e mirar o ceo e a cor das postas de sol.

Traballaba moito, moitísimo. Nunca se lle atrasou un encargo nin descoidou un cliente por pequeno que este fose. Para el todos eran importantes. Así sacou a casa adiante, a trazo de pincel e de cor, de imaxinación, de fantasía e soños. El sería a vinganza de Van Gogh, dicía. Non cría no sufrimento do pintor, senón no goce da vida.

Traballaba ata a última hora, dábase outro baño e, tras a cea, vía unha película de acción. Despois lía novela negra (devorou os libros de Mankell) e durmía. Dicía que no dedo polgar que suxeitaba o libro debía haber un punto de atracción do sono.

No verán e os días bos do ano baixaba a Sada e daba unha volta pola ría en barca. Estaba moi orgulloso dela, tradición que xa lle viña do seu pai que tamén tiña a Estrela en Sada. Moito gozou dos seus paseos pola ría e de poder compartilos. Iso tiña Jorge, ese gozar coma un neno de todos os praceres da vida. E iso quería deixar reflectido na súa pintura, unha alegría primixenia que devolvese as persoas a un estado puro do que nos rodea, ao privilexio de estarmos vivos.

Jorge e eu nunca casamos ata o final dos seus días por motivos legais, pero tivemos unha voda de cinema. Casamos no Cine Equitativa da Coruña que agora é un xulgado. Non, nunca casamos durante a nosa vida xuntos, pero Jorge mirábame e dicíame: un máis un, un.

Jorge pintou ata o último día da súa vida.

**P E T E I R O**

# A vida dentro dun cuadro. Peteiro más allá da pintura

**Pedro Vasco Conde**

Comisario da exposición

## INTRODUCCIÓN

A pintura é un reflexo da sociedade, o reflexo da alma e do sentimento do artista. No caso de Peteiro, a súa proposta é unha invitación para entrar na súa obra, para abrirse á xente e para que esta se poida identificar coa súa pintura.

Esta non é unha exposición antolóxica nin retrospectiva, senón que se basea nas obras máis significativas e representativa do Peteiro mais icónico, auténtico e puro. Atopámonos ante unha exposición onde se pode atopar ese estilo tan persoal que o levou a museos, coleccións, prestixiosas institucións, fundacións e, sobre todo, por centos de casas.

En definitiva móstrase ao Peteiro que ocupa, por dereito, un lugar destacado no mundo da arte.

O reto para esta exposición é explicar por que foi o artista que resucitou, no seu momento, á

pintura e á arte e, ao mesmo tempo, poderase ver a un artista que, co seu propio estilo, creou unha arte diferenciadora, que rompeu moldes, que abriu novos camiños e que se converteu nun símbolo e nunha inspiración para as xeracións vindeiras.

## **Todo camiño necesita un comezo.**

Peteiro fixo os seus estudos artísticos na Escola Superior de Belas Artes de San Carlos de Valencia, que tiveron como resultado a súa etapa mediterránea e o seu posterior regreso á Coruña a principios dos famosos, rompedores e prometedores 80. Durante un período traballou de profesor de debuxo en varios institutos antes de dedicarse exclusivamente á pintura.

En 1.990 trasladouse durante dous anos á cidade de Nova York, regresando á Coruña en 1.992, para fixar alí a súa residencia permanente e o lugar ao que regresar das súas múltiples viaxes.

Foi un autor moi prolífico, chegando a realizar centos e centos de obras que lle permitiron cultivar o éxito e a admiración do público e conseguindo que se lle terminase denominando como “o redentor da arte”.

### **A súa atracción pola arte e a pintura.**

Os seus comezos e primeiras obras parten dunha arte postimpresionista e datan dos comezos dos anos oitenta. Están realizadas con espátula e pinceis, sen ser retocadas, mantendo ese aire de liberdade.

Nelas comeza a apreciarse esa tendencia coas que cegará no futuro.

A cor é o soporte da forma e da luz e os seus primeiros temas son paisaxes próximas e retratos familiares. Podería definirse como unha pintura de ambiente cotián. Entre elas atópase a serie de paisaxes que el denominaba “Envolventes”, cuxas obras están realizadas cunha técnica espiral-elisoide.

A súa primeira etapa, ten moito que ver coa aprendizaxe, o dominio da técnica, a ansia de


experimentar e a sensación de coñecer para despois evolucionar.

A finais dos oitenta comeza a desenvolver o que sería a súa segunda etapa. Unha etapa onde quere ser el e na que investiga e desenvolve novas ideas. Ao mesmo tempo, comeza a experimentar coa madeira como soporte. Necesita seguir creando e atoparse na súa propia obra; procura a textura, máis expresividade e, sobre todo, inspiración.

Nestes anos, tamén reflexiona e incorpora o maximalismo á súa obra. Investiga e traballa desde a idea de que “máis é máis”. Este momento sévelle para evolucionar e arriscarse, o que fai que se reafirme na procura da creación da súa linguaxe.

Os noventa serán anos de consolidación. A súa linguaxe está pechada, pero a súa evolución continúa. A principios destes anos comeza a triunfar, sen que isto lle reste traballo evolutivo. A súa obra aínda que teña unha mesma aparencia, en absoluto é a mesma. Cambia, énchese de matices e busca unha maior calidade formal.

O resultado é unhas obras que chegan aos anos dous mil como unha linguaxe literalmente única.



**Un momento clave na súa carreira artística** foi o seu triunfo na primeira Mostra Unión Fenosa da que formaba parte un xurado de recoñecido prestixio no ámbito nacional da crítica de arte. Ante eles, atopábase un completo descoñecido que se enfrontaba á competición máis dura que comezaba en Galicia.

Nela competía un gran número de coñecidos e recoñecidos artistas galegos, para marcar o seu lugar de privilexio, manter o seu status e simultaneamente darse a coñecer a nivel nacional.

En primeiro lugar, o premio consistía en ser seleccionado e, se o xurado así o consideraba, compraban a súa obra para comezar con iso a súa gran colección.

A primeira sorpresa foi que moitos dos grandes e consagrados artistas quedaron fóra. E é aí, nese escenario tan esixente, duro e excluínate, onde irrompe e imponse unha nova e descoñecida promesa. Primeiro é seleccionado e despois cómprase a súa obra para o futuro Museo de Arte Contemporánea Galego. En poucas palabras: triunfara na súa terra.

Tras iso, comeza cambiar a forma na que aprecia a súa arte. Sen dúbida, supuxo un grande impulso a nivel profesional e persoal. Deuse a coñecer e, ao mesmo tempo, acaláronse moitas voces que non vían con claridade a súa proposta ou que non a querían ver. O efémero éxito que ten a vida do artista chamara á súa porta e anunciaba un artista cun prometedor futuro.


A partir de aí a vida da arte continua e comeza a súa evolución. Todo comeza a cambiar.

## **ASPECTOS A DESTACAR DO SEU DISCURSO PLÁSTICO**

**Apertar o realismo ata reinventalo e darlle un xiro á pintura.**

**O paisaxismo** foi o seu gran xénero e a mellor maneira de materializar os seus soños e fantasías.

As paisaxes son a parte máis importante da súa produción e unha fonte de inspiración e motivación en si mesma e servíronlle para reinterpretar



a súa contorna e para traducir o que ve cos seus códigos, símbolos e signos.

A súa cidade é a súa gran paisaxe e unha das súas musas e, nela, os protagonistas son os seus lugares emblemáticos.

Comparte eses espazos con algúns bodegóns de limóns, laranxas, peras, pementos, cereixas, plátanos, elementos que están dentro da obra paisaxística e que lle serven para potenciar o primeiro plano e distribuír o resto da composición e perspectiva. Tamén realiza bodegóns soltos.

O paisaxismo, sen dúbida, potencia o seu estilo e a súa desbordante fantasía, construíndo relatos oníricos exultantes, sendo o xénero máis representativo e prolífico na súa obra.

**A presenza das orladuras** na súa obra é unha parte substancial e esencial. Constitúe o espazo para a imaxinación e a creación; o lugar onde alberga e representa os elementos máis increíbles que creou, sendo verdadeiras xoias plásticas e todo un alarde de enxeño, creatividade e deseño artístico. Ademais do seu gran protagonismo, son unha extensión e o complemento perfecto á

súa linguaxe, situándoas cunha gran perfección desde o punto de vista compositivo.

Ese posible exceso de figuración na obra podería percibirse como un cúmulo excesivo de formas, mais a soltura e o acerto na súa localización de ningún modo barroquiza as súas obras, senón que as completa e proporcionalle movemento á escena xeral. Con elas incorpora o concepto de triplo encadramento, logrando un efecto que potencia e optimiza a perspectiva e que lle dá soltura e axilidade espacial e un ritmo interno moi importante.

**A fantasía, a cor e a luz cobran vida na arte** e fai delas o seu sinal de identidade. É un artista que creou un mundo partindo dunha paleta chea de cores radiantes e vibrantes. O resultado foron unhas obras que, grazas á súa cor e ton, representan e fan sentir a súa mensaxe: a felicidade e a alegría de vivir.

**A súa linguaxe** aparentemente sinxela e fácil, serve para potenciar ese impacto visual cheo de emocións e sensacións. A súa expresividade define unha imaxinación desbordante e materializa unha fantasía idealizada, para responder



e crear formas de gran orixinalidade, presenza e desenvolvemento plástico.

### **Peteiro íntimo e persoal.**

Estamos diante dun artista que tiña a maxia e o talento da pintura, alguén que naceu para a pintura. A súa historia sería a cartografía dunha vida chea de arte, dunha maneira de mirar, de ver, crear e sentir un universo diferente. É un artista que deixou a vida na pintura.

As súas obras, sen pretendelo, nacen contra a imposición de tendencias e as manipuladas burbullas do mundo da arte. Buscaba ser el mesmo e, con iso, resultou un artista que enarborou a bandeira da liberdade e que representou a un artista diferente, único, seguro de si mesmo, que sabía o que tiña que facer e que era valente, decidido, cunha grande autoestima e moito convencemento. Soubo impoñerse ante unha cidade en branco, negro, chea de grises, melancolía e duns ceos con tormentas, neboeiros e choiva. A súa resposta foi traer o esplendor da cor, a alegría da luz e as ganas de vivir.

Recuperar o espírito de JP, é pensar en valores, en loitar, en ser un mesmo, en resistir, en re-

belarse, en facer o que un ten claro, en ter esa personalidade de creatividade desbordante, en ser honrado co que fai, en buscar e en atopar e en non deixarse ir polas modas ou tendencias. O seu espírito representa a responsabilidade de ter presente o público e darlle o valor que ten. Isto fixo que se lle chamase “o redentor da arte”.

O seu imaxinario é unha formula onde se unen o seu subconsciente, a súa fantasía, a súa imaxinación e a súa liberdade para, desde aí, construír e materializar unha nova realidade.

A súa arte e o seu estilo son un cruzamento de camiños e unha amálgama de referencias e matices. É un canto ao realismo máxico, pasando polo expresionismo e tocando o simbolismo irreal e fantástico. Ten matices dunha presenza e revisión do románico, sensacións das vidreiras góticas e a distancia do posprimitivismo da arte bizantina. Así unía todo o que admiraba, sentía e levaba dentro. Poderíamos pensar nun modo afastado de apropiacionismo subconsciente para facelo seu.

A súa proposta baseábase en liberarse e liberar o espectador de ataduras intelectualizadas, para

que a súa arte chegase a todos, permitindo que todos puidesen percibir as sensacións e emocións que constrúen a súa obra. Mais, sobre todo, que as súas obras sexan unha invitación para que todos poidan soñar.

Reflexións que el se fixo sobre as variables que afectan o personaxe e que inflúen no seu resultado plástico. Foi consciente de que o mundo da arte non ofrece as mesmas posibilidades para todos e que hai moitos factores externos que fan que unha obra se tome en consideración e que existen moitos intereses en xogo e moita manipulación. Todo iso provocou que se apartase dese mundo cheo de ruído e de mentiras. O único que quería era traballar para o mañá, sendo consciente de que o tempo pon todo no seu sitio e que o público sempre tería a última palabra. Só miraba o que levaba dentro e buscaba ese diálogo consigo mesmo e os seus sentimentos para facer a súa pintura. Todo iso converteulle en alguén único e irreplicable.

A esencia das súas obras e o seu impacto visual radican na luz e na cor. A súa paleta esta graduada e expresada na súa máxima potencia expresiva. A luz e a cor son tratados como planos

complementarios que se fusionan para desenvolver unha atmosfera que mestura a luz mediterránea e a galega ou atlántica. O resultado son obras poderosas e esplendorosas composicións, nas que se mestura a fantasía e a súa realidade para reinterpretar un mundo cheo de códigos e de elementos simbólicos e identitarios.

Pero por que se converteu no redentor da arte contemporánea? Sempre entendeu a pintura desde a comunicación. O seu realismo, a pesar de parecer algo antigo, era unha ruptura contra as tendencias que imperaban no seu momento. Entón, os artistas non pensaban na xente, só miraban cara a eles mesmos. Ao contrario, a súa resposta foi mirar o público aos ollos, ofrecerlle emocións, transmitirles felicidade, alegría de vivir e encher as súas casas de luz. Deste xeito converteuse no artista da xente.

Cando se descubriu ao Peteiro que todos recoñecemos e comezou a facer as súas primeiras exposicións, empezaron a adquirir as súas obras. Ao principio, tratábase de adquisicións tímidas e un tanto receosas, e os seus cadros adornaban os cuartos dos seus fillos, para despois situarse en lugares principais das súas casas.



Perderan ese complexo de culpabilidade por impoñer os seus gustos aos gurús da arte, reclamando a súa capacidade de decidir.

Resultou que esa empatía coa súa obra foi a clave do seu éxito e así, hoxe en día, segue sendo un dos artistas máis queridos, admirados e reclamados, logrando con iso unha das súas maiores aspiracións: que a súa pintura fose da xente.

Pasou de ser algo persoal a converterse nun fenómeno que encarnaba a resistencia. A pesar de que poucos se decatasen, estaba a conseguir que a revolución se convertese en tendencia e que a figuración e o realismo se convertesen no máis moderno e actual, traendo novos tempos para a arte.

Unha das claves para chegar aí estivo no momento no que tivo que decidir cara a onde ir. Tomou a determinación de ser máis Peteiro e de profundar no que lograra. Consideraba que tiña que partir e crear desde unha experiencia sensorial e non desde unha experiencia intelectual.

Buscaba que as súas obras fosen recoñecibles como propias.

A aposta e decisión de seguir sendo un mesmo foi algo definitivo e que tamén lle levou a ter o equilibrio interno evolutivo necesario para saber que era o que debía seguir buscando. Sen dúbida, foi a mellor decisión que puido tomar. Deste xeito, os seus seguintes pasos foron, ademais da evolución do seu estilo, a súa adaptación a novos soportes e materiais. O resultado foron esculturas, obra gráfica, murais, vidreiras e outros obxectos.

Unha parte moi importante da súa identidade artística e do seu camiño foi a súa obra gráfica.

O seu coñecemento, dominio e interese na artes gráficas está máis que probado. Licenciase na Real Academia de Belas Artes de San Carlos en Valencia e, en concreto, en Gravado.

Así, resultaba case obrigatorio que esta ferramenta xurdise na súa vida de artista, uníndose ao seu interese por democratizar a súa arte. Sempre buscou que as súas obras resultasen accesibles para calquera que quixese telas e mesmo fantaseaba coa idea de que en todas as casas da Coruña houbera unha das súas obras.



Por iso é polo que se entrega á obra gráfica. Estudou as posibilidades, adaptou un obradoiro de impresión ás necesidades máis esixentes que demandaban a calidade e o resultado estético que quería obter. Así, comezou a facer tiradas, sendo algunhas inusualmente longas. Era unha maneira de devolverlle á xente o seu agarimo.

A súa obra adaptábase moi ben ao novo soporte e mantiña a forza da súa luz e a densidade e resolución da paleta das súas cores. A especialización, modificacións e esixencia ás que someteu o obradoiro onde traballaba esa obra gráfica, fixo que o puxese de moda e así, artistas como Xaime Cabanas, Jorge Cabezas ou Gerardo Porto, animáronse a estampar nese taller.

Reivindicouse sempre coma un pintor comprometido que escollera a arte como destino. Que non tiña ataduras nin mochilas artísticas, que sempre buscou crear e transformar e achegar ao panorama artístico. E que sempre debía responder desde o talento e a máxima entrega e profesionalidade. Tamén soubo que, ao conectar coa xente, tería que pagar un prezo e foi así como, polas envexas, sentiu a incompreensión e incomodidade do sistema, o que o levou a padecer

certa soidade. Con todo, nunca se sentiu só, xa que tiña e sentía o agarimo e a admiración do público, que o levaron a estar entre os máis grandes da arte galega e a ser un firme representante da historia da arte galega.

### **NOVAS OU DIFERENTES INTERPRETACIÓNS DA SÚA LINGUAXE.**

**O subconsciente plástico**, en moitos artistas, é o que une xeracións e conforma a estrutura cultural da nosa historia plástica.

Na súa obra pode haber certa esencia conceptual co **Greco**, pola importancia que este lle daba á luminosidade, á espiritualidade da cor e da luz e á manipulación das formas. Hai tamén unha vinculación cos valores artísticos e estruturais de **Mondrian**, reflectidos na utilización do esquema sintético dos seus bosquejos, no dominio e formulación da harmonía compositiva, na maneira de ver e utilizar o xogo de equilibrios dos diferentes planos e na importancia que lle dá á parte conceptual da cor plana.

Existe unha **conexión** a nivel formal e estrutural nas súas obras, **coas videriras**, esa grandeza,

forza, expresividade máxima e o protagonismo da luz. Esa utilización dos espazos iluminados e os grosos perfís, as perspectivas compositivas, a importancia das cores planas sobre os fondos planos a modo de texturas. O misticismo das grandes catedrais góticas. Un exemplo é ver como funciona unha das súas obras situada na sala de conferencias do Muncyt.

A súa obra tamén garda certos matices co **Románico e a arte Bizantina**, esa maneira de representar as formas desde a súa monumentalidade, o estudo das perspectivas, o distanciamento da tridimensionalidade, o tratamento dos perfís, a construción desa procura primixenia do volume, a presenza das estruturas expresivas, as texturas planas de cor, a formulación da quietude, o ritmo da composición...

### **ALGÚNS PLANOS DIFERENCIAIS CON OUTROS CREADORES.**

Estamos ante un artista que naceu para a arte e que introduciu na súa obra un pensamento, que parafraseaba con frecuencia “a alegría de vivir”. Esta frase é unha parte esencial da súa maneira de entender e de realizar a súa pintura.

Tamén se diferenciaba por conxugar a maxia e o misterio das súas obras, facendo parecer que o complexo resulte sinxelo.

Algo que tamén resulta persoal e esencial, é a súa maneira de entender a súa arte, buscando a complicidade do espectador e dándolle un papel activo para entrar na súa obra. **Entende a súa obra desde a representación dunha fantasía** que acaba por facerse real.

Pero, o máis importante, é que estamos diante dun artista que sempre mantivo a súa identidade, a súa personalidade artística e que sempre respectou a súa arte e soubo cara a onde se dirixía.

Con todo iso, logrou que, cando vemos unha das súas obras, sabemos que estamos ante un Peteiro.

**O personaxe e o seu carácter.** En distintas épocas, tivo algo de solitario, pero foi amigo dos seus amigos e mantivo algúns incondicionais, mesmo desde o colexio. Foi amigo dos artistas Xaime Cabanas, colega de Alfonso Abelenda, de Jorge Cabezas e do fotógrafo Víctor Echave; coñecido de Laxeiro e Díaz Pardo e doutros tantos. Foi unha boa persoa, bo fillo e bo irmán. De

carácter amable pero con personalidade, con don de xentes, educado e coñecedor de modais, principios e valores, buscador inqueda de experiencias humanas, tamén abrazou tempadas de certo desenfreo e descontrol que sempre puido controlar. Foi un buscador de novos horizontes existenciais, mais, en canto á arte, nunca buscou atallos nin mentiras.

Como persoa fiel e leal, tiña unha gran capacidade de adaptación e supervivencia, posuidor dunha gran imaxinación e de buscar saídas mediante a innovación. Sempre deu o perfil de alguén que vai adiantado para a súa idade, dun mozo maduro e seguro do que quería.

Como artista, foi dos poucos que conseguiu o respecto do mercado e os seus mercadores. Foi consciente de que o seu éxito proviña do agarimo e da aceptación do público ao que quixo e respectou. Sabía que a súa arte seguiría triunfando, mais o que nunca puido imaxinar é que hoxe, tantos anos despois, seguise á fronte do competitivo, difícil e cambiante mercado da arte; o que fai que a súa arte estea máis viva ca nunca.

Como artista tamén perseguiu honrar a súa profesión e facer máis grande o camiño para outros artistas. Nunca se arrepeniu de vivir como un artista libre e sen límites. E a pesar de morrer novo, foi feliz coa súa vida, co agarimo dos seus, co respecto dos seus amigos e doutros artistas e sentiuse orgulloso de estar traballando ata o final.





Da época dos seus estudos, en Valencia, ademais da luz, trae moitas experiencias existenciais, moitas leccións de vida, o doutoramento en bohemia, moitas respostas a moitas dúbidas sobre a arte e, o máis importante, reafírmase na súa relación e unión, coa súa amada Beatriz. O seu amor de mocidade, que se convertería na súa compañeira de vida. Estudaron xuntos na facultade, sendo ela máis estudosa, aplicada e traballadora e quen fixo que puidese finalizar a súa carreira sen sobresaltos. A súa muller, Beatriz, foi o seu refuxio, o seu norte e a persoa que sempre estivo aí, que lle deu sentido á súa vida e que representou para el a súa estabilidade, serenidade e felicidade. Compartiron os mellores momentos, realizaron proxectos artísticos xuntos e casaron e foron aínda máis felices. E hoxe, unha vez máis, deu todo neste proxecto; pese á dor de ter que lembrar a súa vida xuntos e de ter que revivir a súa inesperada perda pola súa mocidade e polas súas ganas de vivir. Grazas en nome de todos, por impulsar e apoiar a súa memoria e por facérnolo presente.

Esta exposición celebra a vida e a pintura. E quere ser unha homenaxe e un recordo de alguén a quen foi moi difícil dicirlle adeus. E que nos deixou unha lección de vida na súa arte: que sintamos, a alegría por vivir.



Foto: Víctor Echave

# A alegría da cor

Miguel Bertojo

O pintor colorista, o grande alegrador traveso, Jorge Peteiro (A Coruña, 1959 – Sada, 2013) empeñouse con especial afán en ludificar conscientemente a súa praxe artística ata transformala en todo un xogo pouco menos que marabilloso. Como? A forza de aplicar técnicas e procedementos inusuais e obter solucións singulares nunha actividade *a priori* non recreativa –senón máis ben transcendental, segundo a ortodoxia–, con dúas consecuencias: motivar a espectadores a-leos á arte ata lograr o obxectivo de atraelos ao seu mundo plástico e, sobre todo, vivir do que mellor sabía facer: arte.

Esta reportaxe repasa unha entrevista que tivo un escenario de excepción: a súa casa-estudio. Todo un luxo arquitectónico deseñado *ex profeso* para o seu traballo e o da súa compañeira de vida, a tamén pintora Beatriz García Trillo; e, por suposto, como non podía ser menos, para o seu solaz... Pese ao menoscabo físico de Peteiro, xa patente, a conversa foi amena, particularmente fluída e repleta de recordos, chanzas e momentos

de lucidez case máxica, tal e como foi en verdade a súa pintura.

Puro tempero, Peteiro despregou sen reparo, como sempre fixera, o seu peculiar sentido do humor: tan retranqueiro coma agudo e, por momentos, especialmente mordaz. Sen pretendelo, fixo un alarde non de xenio e figura, senón de ímpeto, de pura vida e cor. E seguro, seguro, que así seguiu facendo cada día ata o seu falecemento. Lamentablemente, moi pouco tempo despois daquel intre outonal que só pode cualificar como entrañable.

## Non antes da sesta...

Establecemos a cita en horario de tarde, non sen antes pasar un transo que entón Peteiro estimaba imprescindible: a sesta. “Din que é sa, pero é un vicio, ti! Se te habitúas, cagáchela...! De feito, o outro día fun a Vilalba (Lugo) a comer un capón-delicioso, por certo- e á volta, a iso das 18.00 horas, debido a que non puidera sestar coma de

costume, non conseguín dar pé con bóla, a verdade. En consecuencia, tiven que dar o resto do día por absolutamente rematado a efectos plásticos...”, dixo nun ton de desculpa impostada entre risas.

“A sesta é un asunto que esixe profesionalidade: emprego no asunto dúas horas de reloxo cronometradas. O malo é que necesito outra extra para recuperarme do todo e poñerme a ton”. Ante a pregunta de se se fixo máis metódico, e ata sistemático, cos tempos de traballo, a súa resposta foi a esperada: “non máis que antes. Sempre fun moi maniático cos asuntos do *curro*. Como non teño outra cousa mellor que facer, xa vou directo á tarefa sen máis dilación. É o que máis me gusta do mundo e, por se fose pouco, é como un xogo para min. Creo que é o que máis se aproxima á noción que se adoita ter do termo ‘ludopatía’...”, apuntou cun aire de xenuíno pillabán inequivocamente seu.

E proseguíu con aire de presunta displicencia: “cumpro puntualmente o meu horario de mañá e, como non, tamén de tarde, pero iso si: co rito da sesta por medio. E con esta vestimenta...”, xactouse, estirando o seu batín e poñendo as súas pantuflas no alto. “E o mellor de todo: nun

estudio así...”, aseverou despregando os brazos. “É unha marabilla: con só virar o pescozo podo asistir desde a miña butaca á posta de sol e a toda a súa paleta de pequenas cores; e, máis tarde, contemplar as estrelas. E, por suposto, os cambios de tonalidade das follas segundo a estación; mesmo percibir os aromas do bosque con só abrir a xanela...”, describía non sen certa dose de melancolía.

“A xente da cidade vive enganada. Gustoume sempre o campo, pero co nivel de confort que conseguimos nesta casa non cambio de residencia por nada do mundo. Mesmo se fose unha casa pequena e fría, tampouco cambiaría de parecer. Afortunadamente, agora hai uns materiais de construción increíbles e as casas non son de ningunha maneira como as de outrora. Hoxe pódese vivir perfectamente no campo con todas as comodidades que, segundo se afirma, caracterizan o medio urbano”, asegurou mentres a súa mirada perdíase máis aló en dirección a unha extensa paisaxe agreste, sen rastro algún de vida animada, tras unha gran ventá.

—Dubido que o pintases, dixeran en voz alta. “E disben que non o fixen: gústanme máis as paisaxes

habitadas, con seres de todos os formatos posibles pululando. Con todo, en última instancia dáme o mesmo porque podo inventalo todo se é necesario... Unha vista así, con todo, sérveme como inspiración para unha infinidade de cousas. Empezando polas cores. Se teño que facer un ceo, por exemplo, só teño que botar unha ollada pola cristaleira e rescato calquera ton que vexa sobre a marcha e que me interese ou poida encaixar...”. Unha localización adecuada para tomar perspectiva é, por tanto, un aspecto importante, é así? “Por suposto, rapaz. Estamos no punto máis alto quizais da contorna Oleiros-Sada”.

### **Outras licenzas máis aló da pintura**

Aínda que Peteiro fixera xa os seus primeiros pasos no ámbito cerámico hai anos, sinalolle unha peza sobrante dun mural que segundo me comentou tempo atrás, acababa de concluír recentemente e que presidía un recuncho da estancia. “É algo novo, si. Levaba tempo dándolle voltas a esa posibilidade e non sabía a quen recorrer para facelo. Ata que dei coa persoa idónea. Curiosamente, resolveu todo o procedemento artesanal que leva implícito, pero non en Galicia, senón en Aragón...”, precisou.

“Éralle imposible concretar en Galicia todas as cores que presenta e cocer os distintos segmentos e pezas que o conforman, tal e como hai que facelo: a moi alta temperatura. É dicir, a nada menos que 2.000° C. No que respecta ao mundo cerámico, hai unha diferenza sensible coas gamas coas que se traballa en pintura: os pigmentos compórtanse de diferente maneira por acción do lume e, por tanto, os resultados son moi diferentes. Así que hai que ser moi meticuloso con todos e cada un dos detalles á hora de traballar con materiais cerámicos”, puntualizou Peteiro.

A súa inquietude por outros soportes e por solucións funcionais tampouco eran nada novo na súa traxectoria. “Estou nun momento en que quero saír do lenzo e ‘ensaiar’ con outros soportes: desde coiro a téxtil, alfombras ou mesmo iluminación. Sinxelamente, porque o meu estilo préstase á mantenta. Ademais, creo que a nivel comercial podería funcionar estupendamente algo así”, debullou. “O gran problema é que tería que ir a Barcelona para concretar certos pormenores. Alí hai apenas catro persoas que me coñezcan e que me poidan facilitar o que necesito, e nas condicións e cantidades que considero que serían máis xustas para ambos

e para a relación produtiva ou comercial que poidamos chegar a ter”.

E en que posibles aplicacións cerámicas estaría a pensar? “Encantaríame empezar por grecas, orladuras ou orlas para distintos usos decorativos primeiro; e, posteriormente, deseñar mesmo murais para piscinas, que é outro asunto no que tampouco hai oferta a respecto diso... Agora que emprego máis ca nunca o corguiño que habilitamos na casa e na que me mergullo a miúdo, ter todo un señor relato cerámico no fondo, se cadra, semellante ao dos patricios romanos nas súas quintas, sería o máximo, neno... Creo que algo así sería apreciado”, argumentou.


Quizais todo dependa do procedemento que empregue? “É probable. Se é artesanal, seguro que o resultado é unha marabilla, polo menos así o constatei cos meus deseños. Pola contra, no caso dun mosaico de teselas resolto de maneira industrial, dubido que o resultado me chegue sequera a satisfacer. Nun ou noutro caso, é importante dilucidar claramente o procedemento para que me permita alcanzar o meu obxectivo: chegar a toda a xente tanto a nivel nacional como internacional”, afirmou

cunha seriedade que non deixaba dúbida da súa eventual veracidade.

“Outra estratexia que se me ocorreu á mantenta sería ‘machucar’ literalmente Cataluña coa miña pintura e facerme así co respecto das súas xentes para poder presentar máis tarde canto relatei... É dicir, que sen un trato personalizado e todo un traballo previo, así como o que acabo de comentar, sería un erro enviar sen máis un deseño a uns descoñecidos que quizais o aprecien ou non... Sería un risco que non desexo ter que correr. E, por outra banda, en Cataluña xa está Mariscal que cobre boa parte do espectro de asuntos que acabo de relatar: fogar en xeral, vaixela, iluminación, ceraría...”.

Ademais, “tería que ser un taller-empresa non só coa infraestrutura e/ou a capacidade necesaria, senón tamén cunha rede comercial suficientemente sólida en todo o estado. Mariscal traballa, a nada que me apremes, con calquera soporte. Cun criterio impecable, a cambio de estampar a súa sinatura, o único que esixe a quen concreta as súas propostas é: calidade. Tanto no que respecta aos procesos de produción coma á súa distribución polas canles que realmente importan. E tal información seina de primeira man...”.





De todos os xeitos, “tampouco descarto ter que acudir a un país asiático unha vez que teña contrastado a viabilidade dun determinado produto. Falo de xerar riqueza para un número importante de potenciais implicados en algo así. Teño un bo amigo que, cando me escoita falar como o estou facendo, adoita dicirme: —Contigo gañamos un pintor do copón, pero perdemos un grande empresario... Ten narices o fulano! En fin...”.

### **Cheiro non só a pintura**


Pero volvendo ao asunto estritamente plástico, Peteiro abordou con criterio, propio e independencia de case todo: ismos, escolas..., non só os soportes máis ou menos clásicos, como lenzo, papel (aínda que non só para obra gráfica convencional) ou pedra (granito), senón que se atreveu a investigar e a emprender con tenacidade e método máis dunha prospección, particularmente afortunada, con outros recursos alternativos: desde cortizas de diferentes madeiras nobres a poliéster, metais, caixas de peixe...

“En función do soporte co que ‘xogues’, tes que coñecer a fondo as súas posibilidades e como se van comportar os materiais que queiras empre-

gar nel. E, no meu caso, o asunto da cor é decisivo. Tampouco é posible obter o mesmo resultado nun soporte ou outro. E iso hai que telo meridianamente claro. Non é o mesmo traballar con óleo que con acrílico e, moito menos, con tinta para serigrafía... Por non entrar noutros aspectos como os brillos ou as texturas”. Efectivamente, se algo caracterizou a Peteiro foi o seu afán por desentrañar todos os pormenores da alquimia dos pigmentos.

A súa proverbial sinestesia e a súa particular sensibilidade cos aromas, fragancias e cheiros, predispuxérono naturalmente para un prodixio: pintalos (ou, quizais, mellor sería dicir ‘traducilos’...) en vivas cores cun acerto incontestable, vencellándoos a un tempo, ademais, co soporte empregado en cada circunstancia. É o caso das súas xa lendarias caixas de peixe procedentes sobre todo do muro coruñés.

“A verdade é que así, ‘a pelo’, sen tratamento algún, é como *molan* de verdade; e, curiosamente, ao espectador, adoita compracelo así, tal cal. Con todo, en semellantes condicións, sen desodorizar, é imposible que un cliente interesado, e non son poucos..., as leve para a súa casa e as



colgue ou expoña tal cal”, exclamou cun xesto indisimulado de repulsión.

“Teño algunhas que me gustaría ‘montar’ adecuadamente; é dicir, tal que unha instalación. Antes de 1991 non vendía nin unha, pero desde entón...! Aínda que as pagasen a millón... E dígoo porque penso que é máis sinxelo, se cadra, vendelas máis caras ca baratas”, apuntou con sorna. En calquera caso, “teño botado máis dunha ollada concienciada ao ‘almacén’ e non me queda nin un só exemplar! Mais tampouco lenzos.

Quizais conserve algún dos anos 1992 ou 1993 ou, talvez, do ano 1994. Aínda así, son catro, cinco ou seis exemplares por xunto. Menos mal que decorei a miña casa da Coruña con pinturas desa época...! De todos os xeitos, si que é certo que conservo aínda algunha que outra pintura da década dos 80”, enumerou mentres parecía repasar mentalmente un inventario.

“Coas caixas de peixe constatee fenómenos canto menos curiosos. Orixinalmente, aplicáballe á madeira unha imprimación de látex: o óleo fixábase así sen problema e a obra quedaba consolidada. Con todo, ao cabo dun tempo, o

salitre penetrou a través da pintura. O efecto foi sorprendente: daba a impresión de que se trataba de algo activo, vivo, como en proceso... A pesar de todo, que o salitre aflorase non supuxo risco algún para a integridade da propia obra”, recordou de súpeto.

“Tampouco me quedan madeiros: un que cedín de xeito temporal: a Virxe de Covadonga, outros dous na casa da miña nai e pouco máis... E a verdade é que non teño noción doutros máis... Con todo, dos anos 90 para acó non conservei practicamente nada”. Virándose sinalou un exemplar ao que parecía terlle certa estima: “provén da época que estiven en Nova York. Librouse da ‘queima’ porque, como outros exemplares que tamén conservo, tardou en chegar á Coruña desde alá e xa non tiven posibilidade de vendelo como novidade”.

Aínda que, “en canto pasa un tempo novidades así perden tal condición de primicia, admito que son un experto en facer que tal cousa non chegue a pasar...! Facendo números, tras ponderar o investimento que tiven que facer alí en lenzos, materiais ou portes de volta, ou os vendía caros ou non me compensaba. O feito é que tiven sorte:

coa excepción de dous que cheguei a vender, e algún outro que obsequei, o resto seguen postos a recado”.

En calquera caso, “sempre tiven a noción de que os meus cadros sempre serán meus, aínda que terceiros os teñan en custodia”, sorrí ladino. “O feito é que mos pagan, custódianos, consérvanos e ata os exhiben, pero a miña firma segue ao pé... É dicir, que seguen sendo meus. Que máis se pode pedir! É un privilexio. E, por outra banda, para que os quero de fondo? Só teño que deixar de vender un ano e, co fondo que xere, xa podó facer rica a toda a miña familia ao completo...”, describía desde a súa condición de traballador infatigable e perseverante.

“Unha das miñas últimas exposicións en Alacante”, proseguíu, “monteina como acabo de relatar: con algúns cadros da miña propiedade, do meu fondo persoal, outros do meu irmán, con algúns máis da miña nai e algún que outro de varios amigos...”. O certo é que Peteiro levaba conta detallada do destino de todas e cada unha das súas obras. “Por se fose pouco, algúns dos meus coleccionistas teñen en casa auténticos museos da miña pintura, a verdade. Só teño que chamar

a algún que eu me sei e xa tería máis de cincuenta cadros dispoñibles así, dunha tacada...”.

E o volume? É dicir, todo o ‘parque’ escultórico de varias das súas épocas. De feito, naquela época e algunha outra precedente trasladara á escultura figuras do seu bestiario, que dalgún modo remitían á súa pintura. Deuse mesmo o caso á inversa. «Estou encantado facendo esculturas», aseverou con brío inesperado. «Pero, que sucede? Pois que coa escultura hai que facer un investimento bastante substancial, así que facelas pola miña conta e telas en exposición no estudio ata que un cliente se decida a compralas cando sexa, non... Moi ao contrario, prefiro que me fagan o encargo”, confesaba.

“Si podería ofrecerllas a unha galería, por exemplo, pero non é o meu estilo: daría a impresión de que vou venderlle unha moto, e tampouco...”. Con todo, “si fixen algún troco a cambio dun servizo ou un produto que me interesaba ou necesitaba”, relata mentres mostra algunha das maquetas e/ou modelos ou prototipos a escala que empregara nalgúns das súas representacións tridimensionais máis coñecidas.

“Este material, por exemplo, modélase coma a plastilina, pero é moito máis consistente”, explicou mentres sinalaba unha réplica do ‘Peixe Serra de Dúas Colas’, que figura aínda hoxe como reclamo de localización xusto na entrada do Aquarium Finisterrae ou Casa dos Peixes da Coruña. “Unha vez que tiveren o resultado, entreguillo a un artesán que traballa con poliéster para que o puidese replicar ao tamaño previsto. Noutro caso, propúxenlle á clienta empregar outro material alternativo, como é o aluminio, para que a escultura fose se cabe máis impactante aínda”.

As meninxes de Peteiro nunca paraban de bulir... “Desde hai un tempo, non deixo de darlle voltas á posibilidade de materializar nada menos que todo un bosque de árbores-escultura tamén de aluminio. É que, ademais de ser esteticamente algo ‘bonito’, aínda que sempre en función das súas dimensións, as esculturas, que poderían reflectir calquera das especies arbóreas existentes no globo, darían sombra; achegarían cor ou poderían ter mesmo movemento ao virar sobre un eixe”. E, sen prevelo, fixo un alto no relato coa mirada ausente coma se se recrease coa imaxe que acababa de suxerir.

“Creo que sería abafadora unha foresta así”, afirmou como compracido coa súa proposta. “Ata imaxinei mesmo as superficies totalmente puídas coma o capó dun coche... De feito, acabo de concluír unha escultura así dunhas dimensións moi considerables, ata case intimidar, para dous parques eólicos: Faro e Farelo, situados entre Chantada (Lugo) e Lalín (Pontevedra). O resultado pareceume fascinante, a verdade”.

Mentres botabamos un ollo a catálogos de distintas épocas, facendo memoria e situando cronoloxicamente lenzos ou esculturas, apunteille que a súa evolución ata entón e, sobre todo, o seu nivel de madurez estilística eran máis que manifestos. Pregunteille que cambiara nese intervalo en canto ao aspecto estritamente pictórico: quizais o seu *modus operandi*? Os seus intereses plásticos? As necesarias adaptacións aos soportes alternativos cos que experimentou...? O seu estilo era se cadra máis narrativo? “De entrada, a liña está máis controlada, e non sei por que. Quizais todo sexa máis de verdade porque cheguei a un punto de simplicidade importante. Fíxenme máis fino e ao carallo...”, pareceu admitir tras unha sonora gargallada.

“Admito que me gusta máis o antigo: era máis ‘bruto’, máis orgánico; é dicir, que efectivamente tiña máis textura. Tamén me deixaba levar bastante máis polo impulso. Agora, pola contra, confeso que me controlo un chisco máis... Os elementos que vou referindo en cada traballo son froito dunha observación aínda máis pausada da natureza”.

Por outra banda, “quizais os sintetice mellor que outrora. E si, o resultado pode parecer quizais máis real». Pero a verdade é que o máis prístino ou noutras etapas previas a esta, “están tamén de moito nabo...”, atallou con contundencia o propio Peteiro, coma se me lese a pregunta que ía facerlle. “Aínda que as cadros saian e eu non saiba exactamente onde se orixinan ou cal é a súa procedencia, son igual de reais e, talvez, os resultados sexan mesmo máis sorprendentes”.

### **Traballo, traballo, traballo...**

Pero a verdade é “que todo é consecuencia do traballo: por unha banda, non soporto ver cadros amontoados no estudio, e, por outra, quero ter unha chea xa resoltos. Facelo así permíteme desvariar a conciencia noutros asuntos, como

pintar obra en grandes formatos...”. Semellante paradoxo, e a tensión que conlevaría, mantíñano activo e nun estado de produción creativa “aceptable”, segundo o mesmo Peteiro apreciou.

“É dicir, que produzo obra grande cando xa puiden acumular un *stock* razoable de cadros de pequeno e mediano formato, que poden ir vendendo e que son os que me dan a vida. Así o fixen de feito nos anos 90. Agora teño bastidores suficientes de gran formato xa dispostos, pero apenas teño ese depósito que me permitiría abordar simultaneamente unha serie de maiores dimensións, que non sei canto tempo podería tardar en vendela. Agardo conseguilo agora, dun ou doutro xeito”.

Peteiro sempre tivo unha increíble capacidade de esforzo e de vontade para facelo así: “Tanto para vender, para pintar obra de gran formato e, ademais, para expoñer. E todo practicamente á vez; con todo, tanto a casa-estudio coma os trocos que tiveron que facer descabalgáronme todas as miñas previsións e mesmo as miñas rutinas creativas. E quédanme aínda algún que outro floco pendente! Non debo diñeiro, coidadiño..., mais si uns cuantos cadros”.

En que plano ou nivel te atopas en términos pictóricos?, pregunteille. “Pois no de traballo, traballo, traballo... Levo xa moitos anos a pé de lenzo e a madurez que teño non a tiña con 22 ou 23 anos. Ademais, traballo bastante máis ca daquela. Coa idade que acabo de dicir, íaseme polo menos medio día de cada xornada en carallada... E o esforzo do traballo sostido ben que se nota, vaia! E cando hai traballo, non queda outra que traballar...”.

Pero a Peteiro gustáballe rizar o rizo: “Aínda que asumo que me fago trampas a min mesmo: nesta casa, tal e como se pode apreciar, a verdade é que a dispersión está servida en cada recuncho: piscina, fútbolín... Moi a miúdo teño que contermo para seguir coa disciplina que sei que teño que ter. E coidado que estou a esperar que chegue xa, e dunha vez por todas, a máquina de *pinball* que comprei hai nadiña...”, escapóuselle entre risas, pero que soou a confesión.

E, por curiosidade, pensaches nunha máquina de *pinball* con algunhas das túas iconas no taboleiro de xogo?, atrevínme a suxerirlle de socato. “Claro que si... E ata unha baralla de naipes para xogar con todos os meus colegas ludópatas, que son uns

cuantos...! Pero o inconveniente é que se venden quizais demasiados poucos exemplares mesmo das clásicas de Heraclio Fournier. Xa non é como outrora... Ademais, e poñámonos un pouco serios, hai que coñecer moi a fondo todo o proceso de impresión dun naipe que é moi complexo. Antóllaseme que pode representar moito *curro*... Imos deixalo así, entón”.

En calquera caso, pregunteime sempre se Peteiro tiña unha noción precisa do número de cadros que pintara ata entón. O asunto tiña mesmo visos de sumar unha cifra importante. “Nin Deus pintou tantos coma min! Aínda que non o creas, se eu sigo así, a este ritmo vou converterme no pintor que máis cadros pintou en toda a historia da humanidade...”.

E inclúese a serigrafía no lote, “xa perdería a conta absolutamente do todo! E non é disparate algún, que conste. Se falamos de cadros, máis aló do formato que queira que fose: pequeno, mediano ou grande, nos últimos dez anos pinte unha media aproximada duns 150 cadros por ano. Son en total uns 1.500, non? Pois veña, imos concluír prontiño que teño que darlle ao pincel e á brocha...”, atallou con falso ton de seriedade.

“Creo que Van Gogh, que pintou tamén una barbaridade, non superou os 4.000 en toda a súa vida. Aínda así, a obra gráfica axuda moito, tanto na conta de resultados definitiva a efectos fiscais coma no plano promocional. A serigrafía foi a mellor ferramenta, case imprescindible, para popularizar definitivamente o meu traballo pictórico”. Sexa como for, “teño moitas ganas de ter información fidedigna de moitos pais e nais que compraron algunha serie ou algún exemplar hai anos aos seus fillos, tanto para os seu cuarto infantil ou para a súa primeira comunión... Tentarei así saber como evolucionou a súa relación coa miña pintura e en que momento se poderán converter xa nos meus novos clientes...”, sorriu ladino.

“Os nenos adoitan apreciar a miña pintura, e a miña obra en xeral, de forma inmediata. Son verdadeiros expertos localizando as súas claves e, de feito, desentrañan rapidamente as súas posibles lecturas. Por outra banda, creo que conseguín transmitir esa alegría da vida na que adoitan estar naturalmente inmersos. O meu compromiso transcorre por eses camiños e non por constatar a crueza do tempo que nos tocou vivir. As imaxes que suxiro son, sobre todo, divertidas”.

### **Pechando o círculo**

Entón, no momento da entrevista, quedaban aínda un bo feixe de indagacións, licenzas e ata desvaríos plásticos de Peteiro que apenas eran de dominio público, e aos que ao propio pintor lle encantaba aludir, a día de hoxe, admito que non sei certo se queda algunha por descubrir aínda, doce anos despois do seu falecemento. Con todo, a realidade era a que era: “moitos clientes e galeristas insistían, e insisten, nas fórmulas estándar: pintura ou obra gráfica, que establecín quizais sen querer ou de forma inconsciente e, no posible, apúntanme mesmo que vaian no posible ben saturadas das miñas iconas ou elementos imaxinarios máis característicos. ‘Completiñas’, mesmo chegaron a me dicir...”.

En alusión moi directa, como non, ás súas orladuras, reberetes ou ‘marcos’ tan persoais e particularmente historiados. “Fanme traballar todo e máis, rapaz...”, di en ton de queixa entre risas. “Os galeristas de abrigos de pel, pero sen diñeiro a esgalla como debería ser, son un perigo constante para o mundo da arte...”, láméntase de súpeto facendo un inciso de segundos. “Hai elementos da miña iconografía que se converteron



en auténticos símbolos e quizais nin aproveitei nin estou a aproveitar tal filón”, expresou cun ton de queixa nesta ocasión moi real.

“Ou si, porque se non fose así non estaríamos a falar do asunto...”, dixo de súpeto sobresaltado. “Falo das cunchas, dos percebes, as ras, as lagartas, os tres círculos ou os sete petiscos... Estou seguro que no sistema máxico que implica a pintura e, por suposto, a vida de todos en xeral –e se non que llo pregunten a Carl Jung...–, as miñas pinturas van a translucir, máis pronto que tarde, mensaxes ocultas, profecías, ou que sucederá algunha cousa que agora mesmo nin acerto a albiscar”, espetou en ton reflexivo.

Por outra banda, e de volta ao aspecto utilitario e/ou funcional, “nun só cadro hai cheas destes elementos icónicos que se poderían empregar en deseño de produto: alfombras, téxtiles, vaixelas, cerámica en xeral... E, ademais, durante unha chea de anos! Pódese empregar unha única icona completa, incluso un segmento; ou, sen dúbida, varios elementos á vez”. En xeral, é de manifesto que a pintura de Peteiro tivo e segue tendo posibilidades gráficas insospetadas e el mesmo ocupouse de demostralo de forma recorrente.

“Para unha das exposicións dos fotógrafos de prensa coruñeses que o meu bo amigo e colega de fatigas Quique Berbel organizaba cada ano no Casino do Atlántico, preparei de feito unha camiseta cunha serigrafía dun profesional da imaxe, cámara en man, que se converteu co tempo nunha sorte de logotipo da cita. A verdade é que non ten nadiña, nadiña, nadiña que envexar a un deseño de Chanel. Vaia que si”, afirmou sen falsa modestia. Entre outras cousas, porque o deseño sen dúbida estaba realmente á altura da súa afirmación.

Coma o portal profundo da súa memoria se iluminase de súpeto, Peteiro exclamou: “Esquecía que Nanos, a firma coruñesa de moda infantil, utilizou a miña pintura para facer unha colección: camisetas, suadoiros, pezas de abrigo... Con cada unha das pezas rigorosamente numerada, acreditada e asinada! A miña imaxe estivo mesmo nos escaparates dos seus puntos de venda en toda España... Quero facer, sen dilación, todo o *merchandising*, xa sexan bolígrafos, chaveiros, cadernos de notas..., da Casa dos Peixes. E iso para empezar! Despois, proseguirei co resto de museos oceanográficos da península”.

" - Mellor ir de pesca. Peteiro

Ignoro se Jorge Peteiro concretou finalmente tales propósitos; en calquera caso, se non foi así, quizais sexa tempo xa. Sería un bonito e merecido homenaxe a un valedor, aínda que tamén consumidor consciente e sen asomo de culpa por facelo de forma reiterada..., dunha mancha de especies mariñas, vivas ou cociñadas. Os seus cadros, gravados, cerámicas ou esculturas son testemuñas fieis e mesmo de cargo...

Sen dúbida, o seu discurso era tan franco, directo, mesmo tenro e esencial como tamén o foi o seu empeño plástico desde o principio. Aínda que a súa pintura podería ter aparencia caótica, nada máis lonxe da realidade: unha orde moi, moi persoal e perfectamente organizada subxace en cada unha das súas obras. O *quid* quizais resida en deixarse levar polo seu ritmo que, sen percibilo, se sente. Nese punto prodúcese o sortilexio que abre a porta á súa comprensión e, sen dúbida, á súa contemplación. E afírmoos porque teño ese privilexio na casa, colgado nunha parede, e exérxoo aínda por riba con bastante frecuencia...

Ao seu sentido lúdico –potenciado pola súa voluntaria omisión das mil e unha convulsións do tempo que non tocou vivir–, engadíase a súa marcada tendencia á abstracción e á omisión consciente de detalles innecesarios. En conxunto, Peteiro encarnou a imaxe dun xenuíno cazador–aprensor da espiritualidade e da alma das cousas que representou. Aínda que, e quizais resulte paradoxal, cun estraño empeño desacralizador bordeando o infantil... A razón? E sen atreverme a responder polo propio Peteiro, penso que por dar a lata...



Foto: Víctor Echave

# Jorge Peteiro: Zume nova

Enrique Berbel

Jorge Serafín Peteiro Vázquez naceu o 20 de decembro de 1959 na Coruña. Estudou no Colexio Santa María do Mar Xesuítas da localidade. Foi un rapaz inquieto e movido que residiu na avenida de Fisterra, ás portas do monte de Santa Margarida. Desde pequeno viu, entre risas cómplices co seu irmán, a Jesús, o seu pai, como pintaba cadros; e, ademais, sempre tivo preto o eterno sorriso de Fina, a súa nai. Asistiu a clases de pintura, a un curso de cinema e, en 1974, participou na formación do grupo de teatro Teodam, dirixido por Mr. Roig. De feito, poñería en escena obras de Bertolt Brecht, interrompidas pola policía pedindo os permisos oportunos...

Deambulou coa súa cuadrilla polas rúas herculinas. Apreciado pola súa imaxinación e desenvolvemento, foi un tipo querido pola súa xenerosidade e natural optimismo. Era tolerante, xovial e brillante, e sempre cun sorriso. “Eu non fun ao colexio, fun ao recreo”, adoitaba dicir. “Estudei nun colexio moi moderno, con bos profes e agora teño unha axenda estupenda”. A maior parte da

súa vida sentiuse feliz. Ademais, foi un bo xogador de fútbolín, esmerouse co póker de cinco cartas e estudou xadrez. En 1977 matriculouse en Psicoloxía na USC e, máis tarde, en Empresariais, na Coruña, por influxo do seu tío Serafín Vázquez, catedrático de Contabilidade.

Participou en *happenings*, modelou figuriñas de barro, pintou o seu primeiro mural nunha cervexaría xa desaparecida e debuxou nun fanzine local. Ingresou na Facultade de Belas Artes San Carlos de Valencia en 1979. Coñecía ben os gravados xaponeses, os de Hokusai, Brueghel o Vello, Durero, Goya ou os dos Inuit. “Non aprendín polos profesores nin nos libros, senón vendo como facían uns ou outros. Ao meu lado tiña un que debuxaba moi ben: eu observaba como era, como pensaba e como o facía, e así aprendín”.

En 1981 xa mostrara os seus traballos na colectiva Centenario Picasso (A Coruña), no Palacio do Marqués de Dúas Augas (Valencia) e cos colectivos Glop e Tolerados y cómplices. De volta en

Galicia, frecuentou a algúns pintores e foi testemuña da vixencia aínda do neoexpresionismo, pero tamén asistiu ao auxe do Grupo Atlántica na plástica galega.

Aínda así, Peteiro desenvolveu a súa propia paleta: un festival de cor, base principal de todas as súas expresións; e conformou a súa propia linguaxe e identidade. Os seus primeiros óleos sobre lenzo mantiñan, non obstante, un equilibrio entre trazo, luz e cor. En 1983 executou varios retratos introspectivos e outros máis vehementes, con tintas sobre papel e técnica mixta, cargados de autenticidade; e unha serie de paisaxes, óleos sobre lenzo, que denominou *Envolventes*.

Respondían a esta noción tres paisaxes datadas en 1984: *O monte* (1x0'81 m), *O castelo de Santa Cruz* (0'60x0'73 m) e *O bosque* (0'65x0'54 m), elaborados cunha técnica espiral-elipsoide e trazos intensos. A dirección espiral da pincelada acumulaba máis óleo no centro, inducindo a reparar nel e crear así un efecto de movemento envolvente. As persoas espectadoras podían apreciar así toda a dimensión e profundidade do óleo: “O bosque lévate á árbore, pero ves todo o bosque”. A súa primeira exposición individual

na sala de Caixa Galicia (A Coruña) sorprendeu o público e a crítica pola súa vehemencia.

Entre 1985 e 1991, exerceu como profesor de debuxo nos institutos de bacharelato de Ortigueira, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Cambados e Betanzos. Viviu en Lugo e Compostela, coñecía ben Galicia, as súas augas, a illa de Ons, a Costa da Morte e Fisterra. “A miña experiencia docente servíume para coñecer a fondo Galicia e para sentirme identificado con cada alumno e alumna. Gustábame considerarme máis o ‘xefe da banda’ que un profe”. Apreciado, querido e lembrado polo seu alumnado e compañeiros/as, non o foi tanto por quen precisaba debuxo técnico ou unha metodoloxía máis ortodoxa.

Os seus anos de docencia foron tamén de experimentación coa pintura e de coñecemento da contorna; é dicir, de comprensión do comportamento de soportes, pigmentos ou aceites. Tamén de trato con pintores e charlas cos seus colegas de maxisterio; de expoñer e adentrarse no mercado da arte; de colgar, debuxos e cadros no Patacón, Marimba, Moka ou Stone: pubs onde se cocía a contracultura coruñesa de finais dos 80.

Un dos seus últimos gravados foi *Ponky-Pub* (1985), en ocres e sepia: unha figura feminina-galáctica sedente e cos antebrazos cruzados. En 1986, expuxo na sala da Cruz Vermella de Ortigueira. Os cadros que exhibiu presentaban un trasfondo neoexpresionista; con todo, as súas fortes e intensas cores e a aparente carencia de debuxo parecían remitir ao fauvismo, aínda que con texturas.

Peteiro interesouse polo mundo das abellas, a apicultura e a polinización. Actividades que coñeceu grazas ao seu pai Jesús e a David Corral, o maior apicultor de Galicia e un referente no sector, ao que lle axudou coas súas colmeas. Instalou apiarios nos montes de Sarria e pintou cadros e serigrafías do río Oribio e de Samos. Froito dese coñecemento e amizade deseñou o logotipo da empresa Miele Anta, as etiquetas dos tarros de Mel da Anta: un apicultor afumando e abrindo unha colmea.

Plasmou tamén a etiqueta de Pazo de Lusío, o mel de montaña da marca. En 2015, Mel da Anta resultou elixido o mellor mel de España. Os tarros coas etiquetas que Peteiro deseñou figuran aínda hoxe nos lineais dos súper de toda Europa, Xapón

ou EE UU. Peteiro víase no interior da colmea facendo que a súa pintura resultase alegre coma as cores das flores, tratando de que cada cadro desprendese cheiro, a mel...

Adoitaba pasear con botas de auga pola praia de Aguiño e polo derruído peirao da Covasa, que din que era fenicio, para ir despois de tal xeito dar clase ao instituto de Ribeira. En 1987, refixo a súa formulación teórica e aproximouse ao totemismo, expresión do seu chamanismo artístico. Representou entón a nativos norteamericanos, como en *Preparando a caza*, óleo sobre un sofá tapizado con lenzo; pero tamén peixes, cabalos, avións etc.; e as súas primeiras figuras antropomorfas sobre papel, lenzo ou cortiza de madeira.

En 1988 expuxo na sala Durán Loriga da Coruña e no Círculo das Artes de Lugo lenzos con escenas de indios cazando, cabezas de sioux ou xogadores de fútbol; esculturas de granito e as súas primeiras madeiras pintadas con óleo e liña negra, como *Indios espaciais en nebulosa*, propiedade do Concello da Coruña: unha cortiza de elondo con figuras antropomorfas que parecen flotar no espazo. Ou *Xigantes II* (1'02x0'60 m), un óleo de madeira de buxo neoexpresio-

nista que lle facilitou Maderas Peteiro –em-presa dos seus familiares–, tratada e disposta para pintura.

Peteiro buscou expresamente a textura das súas cortizas e que o aroma da madeira se combinase cos cheiros de disolventes, vernices e óleos, e provocase unha sensación de frescura no observador. “Á xente parécelle que é moi fácil pintar como o fago, deben pensar igual sobre a imaxinación que lle boto”. En *Xardíns dos viveiros de Valencia* (1989) un óleo en cinco madeiros de elondo (1'20×1'30 m), xa mostrou a súa linguaxe, a súa marca distintiva. En Cambados, xa facturou *A pacificación de Afganistán* (1'28×1'25 m): un óleo en tres cortizas de elondo.

Ese mesmo ano presentou á I Mostra Unión Fenosa *Baía da Coruña* (1'50×1'57 m) un óleo en cinco madeiros de elondo que adquiriu o Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, con Pepe Hierro no xurado. A venda permitiulle viaxar a Nova York. “E comecei a pintar con troncos, como se todo formase parte dunha linguaxe primitiva. O soporte tiña forza propia, pero decateime de que no lenzo tamén funcionaba”.

Peteiro conduciu a transición facendo que aflorese a liña negra. “Ao pintar con negro, as formas defínense mellor e resaltan as cores. A liña negra e o debuxo atrapan o aire e eu pónolle a cor”. Preocupáballe a durabilidade do óleo nos soportes, así como as propiedades e o aspecto que adquirirían as madeiras ao incorporárense á composición, proporcionándolle unha textura única a cada peza. Tamén atendeu a cuestións máis imaxinativas que compartiu con colegas ou amizades, e potenciou o efecto ‘máxico’ dos seus cadros. “Pintar o similar produce o similar. Se estás en contacto coa cor que pinto, cando te separas do cadro segue influíndo, estás alegre”.

Cando coñeceu a Beatriz García Trillo, a súa compañeira de vida, ambos eran adolescentes. Anos máis tarde, reencontráronse en Valencia, na facultade de Belas Artes. Compartiron historias e viaxaron por Europa, pero sobre todo conviviron e pintaron. Tras anos de docencia en centros de arte e deseño de Ourense, Compostela ou Lugo, Beatriz converteuse en catedrática de Debuxo Artístico e Cor na Escola de Arte Pablo Picasso da Coruña. “Foi como unha profe particular que me daba pasantía, pero sen dar a lata

con metafísica ou teoría da arte. Aprendín con ela máis debuxo e técnicas que na facultade”.

En 1991 decidiu deixar o ensino e trasladarse a Manhattan (Nova York). Ademais de percorrer rúas e avenidas pola noite, relacionouse con outros artistas plásticos. Gustábanlle as pontes que cruzan o Hudson. “Aos poucos días de chegar, fun cear a un *steakhouse*. Despois de pedir a carne, oínlle claramente ao camareiro preguntarme: “Peteiro?”. Asombroume que me coñecese e contesteille: “*Yes, I am*”. Cando regresou, sen mirarme, trouxo carne e... patacas. Quedei rindo, era ‘*potatoes*’ o que dixera o tipo”.

A finais de ano xa producira unha cantidade inxente de debuxos e bosquexos de sioux e xudeus ortodoxos de Brooklyn; do Empire State, de rúas, prazas e edificios de Manhattan ou dos xardíns do City Hall Park. Pintou lenzos integrando a Gran Mazá e os seus personaxes; e ata compuxo cadros con percebes do Atlántico, de alí e de aquí, que expuxo na sala do Yacht Club Mamaroneck e na Foster Goldstrom Gallery, que engadiu un deles á súa colección. “Comecei pintando sobre madeira -unha base idónea para o meu estilo-, pero xa que non podía adquirir madeiras en con-

dicións nos EE UU, tenteino con lenzo. O resultado agradoume”.

Caera o muro de Berlín e os 90 foron anos de cambios. Non só comezou unha década: foi un tempo de reaxustes económicos e políticos que dislocaron o globo e, por suposto, o mundo da arte. Nova York transformouse na primeira cidade global: de metrópole industrial pasou a ser centro financeiro e comercial, anticipando o futuro de moitas cidades. E Peteiro non perdeu de vista o que mostraban galerías, o MoMa ou as rúas: nova imaxe, simulacionismo, *bad painting*, neo pop ou graffiti.

Naquel momento tratábase de entrar en contacto coas correntes en boga alí, “co que se facía. E ao mesmo tempo, ver como funcionaba fóra o meu traballo. Pero resultou que había unha crise do carallo e alí non se vendía un cadro. Estiven un ano e volvíñ”. Peteiro coñeceu a Francisco Leiro, que o acolleu no seu estudio de Brooklyn, e visitou a Julian Schnabel en Manhattan. De volta na Coruña en 1992, estableceu o seu estudio na rúa Juana de Vega, e mostrou o seu concepto en galerías e institucións. De feito, pasou a ser considerado un novo valor da arte galega. “A pintura



dá acceso a mundos sutís, pero sempre hai que obter resultados prácticos”, dicía.

Nunca perdeu o desexo de viaxar e coñecer nin a capacidade de facer arte. Tampouco a ironía, o humor ou o sorriso: “É un sistema de expresión que é meu e coñezo”. Peteiro exhibiu o seu traballo en máis de corenta exposicións, participou en certames e en numerosas mostras colectivas. Debuxou incansable, pintou cadros e murais, elaborou serigrafías e esculturas, traballou nunha gran vidreira e deseñou a marca de varias empresas. O seu traballo artístico sempre estará unido ao seu espírito entusiasta e ao seu optimismo intelixente. “Entráronme a roubar no estudio e levaron un antigo proxector de diapos e unha cámara pequena de fotos, pero non levaron ningún cadro”.

Aínda así, a elección dun modelo formal para elaborar a súa pintura determinouno dalgunha maneira a estudar a especialidade de gravado. Os seus críticos dirán que o fauvismo estivo presente nas súas primeiras pinturas ou que lembraba os iluminadores mozárabes. Outros que se asemellou aos muralistas galegos do XVI; e ata dirán que foi un continuador da tradición de Maside

ou Lugrís. O que si se sabe é que se empapou dos impresionistas; que lle gustaron Van Gogh, Matisse, Kandinsky e Paul Klee; que se sentiu pouco atraído por Picasso, Delaunay ou Braque, pero si tivo interese nas súas inxentes producións.

“Se teño que pensar na miña creación, resultárame imposible: creo que cada cadro ten múltiples lecturas”. J. M. García Iglesias, catedrático de Historia da Arte, glosou así o seu estilo no catálogo da súa exposición na Estación Marítima A Coruña, en 1998: “Detrás da súa pintura, o espectador pode recoñecer o valor de bastantes dos ismos, das súas linguaxes e dunha admiración por determinados grandes autores do século XX”. Nilo Casares expuxo no mesmo catálogo que: “o maximalismo cromático, talvez o trazo máis significativo da súa pintura, compénsase e equilibra cunha síntese no debuxo que deixa ás cousas nas súas mesmos ósos, coma se fosen meras estruturas soportes da cor que lles vén encima...”

Aínda así, nunca se vinculou a ningunha corrente; máis ben, produciu unha nova forma de pintar e unha iconografía coas que se expresou sen reservas. “Púxenlle *maximalismo*, pero non sei se é

correcto. Mesmo lle podería chamar *peteirismo*". Coa súa pintura e estética, relatou como percibía un mundo sen abafos, destilando o seu propio imaxinario e a súa linguaxe, indicando que o que se ve na súa obra en ningún caso ha de estar no mundo real.

Por outra banda, Peteiro foi un cinéfilo e un gran coñecedor da linguaxe do cinema. Os seus cadros son mundos pintados con toda a dificultade do plano secuencia: non omitía nada do que pasaba, mostrándoo todo co ritmo e a cor exactos. Representou cada acontecemento e, simultaneamente, ordenou os seus elementos, transmitindo sensación de proximidade. Coa súa maneira de pintar, seguiu ao pé da letra *Os mandamentos dun director*, de Billy Wilder: "Os nove primeiros son: non aburrirás. O décimo: ter dereito á montaxe final da peli". Coleccionistas e público gozaron coas súas pezas únicas e, aínda con numerosos encargos, pintou como quixo, sen rebaixar a súa calidade estética. Ademais, nunca se aburriu nin cansou o público, que o viu en cores.

Fascinábao o resplandor dos raios catódicos da tele, as noites de neon e os ordenadores. Ía moito ao cinema, só ou acompañado, a ver pelis

de acción, "das que soben a adrenalina". Non lle interesaban as que tiñan moitos diálogos, as futuristas ou as románticas; pero si os thrillers, as de gánsteres ou os westerns. "Saía do cinema Os Rosales, era a 01:00 e camiñaba cara ao aparcadoiro baleiro. Notei unhas pisadas detrás. Mirei e un tipo viña rápido. Acelerei o paso e ao chegar ao coche, entrei e puxen o seguro. Cando ía saír pitando vin uns cotobelos golpeando a ventá: —Non é vostede Jorge Peteiro? Asinaríame un autógrafo? Foder, que susto me deu!"

Aínda que a súa pintura transmita tranquilidade e o silencio preciso para captar a musicalidade das súas composicións, nin ía a concertos nin lle interesaban os vinilos, tampouco conducía coa radio posta. Non pintaba con música de fondo, pero ao gozar de certa sinestesia si oía o que lle gustaba. "Cando escoito certas melodías vexo cores, por iso xa non pinto con música; seguro que a learía ao plasmalas no cadro. Teño clara unha cousa: o oído funciona dunha maneira e a vista doutra. E un cadro é algo visible".

Impresionábao *A cabana sobre patas de galiña*, de Modest Músorgski, que escoitou por vez primeira na clase de música do cole. En 1992, Peteiro

gravou un vídeo cos seus debuxos e cadros, que arrincaba coas notas do baixo de *Psycho Killer*, de Talking Heads. En 1998, Adivina Producciones gravou a exposición *Peteiro na Estación Marítima*, coa música que a pianista Ivone di Felice compuxera para o evento.

Corrían os finais dos 70 e comezos dos 80 en España, cando unha nova xeración rebentou as bases nas que se asentara ata entón a autoridade. Algúns estaban fascinados pola revolución das mentalidades e actuaban como se o perigo non existise. Empregaban estimulantes e psicotrópicos para acelerar o pensamento e evocar novos escenarios. “Entón colliamos todos os boletos; agora, xa maiores, non queremos ningún”, afirmou.

Cunha tranquilidade abraiante, Peteiro tomouse a vida sen dramas. Nunca se someteu a unha cadea de desexos para consumir estimulantes, pero non renunciou a comprobar as súas propiedades. Aínda así, non precisou ningún principio activo para inspirarse ou pintar. Pechou a porta ao atordamento, consciente do que quería. Celebrou a venda de cadros en restaurantes con caldos de boas anadas, aínda que

os deixou en 1996. “Agora estou engançado á bolsa. E aquí me tes todo o día co ordenador aceso pendente do NASDAQ”.

Da época, alguén dixo que os pintores coruñeses eran máis autodestrutivos que os seus colegas de Vigo. Quizais era polo vento ou a luz, ou os bares e pubs do Orzán que frecuentaban, uns e outros, ou a cidade sen costas. En Pontevedra e provincia, en concreto na cidade olívica, había máis movida e coleccionistas privados, e Caixa Vigo funcionaba como un motor para a pintura. Mentres que na Coruña había máis certames e moitas institucións, fundacións e entidades financeiras que impulsaban exposicións e adquirían obra a noveis, que catapultaban a salas ou galerías de aquí e de alá. Tamén alguén dixo que “en Vigo hai moito diñeiro, pero na Coruña fortunas”.

Peteiro foi un ávido lector de cómics e cómics. Da revista *Don Miki*, con historietas de Mickey, o pato Donald, Tío Gilito e os Golfos Apandadores, que as tachaba de xenialidade polos seus relatos, por como captaban o espírito da animación e polos seus debuxos a toda cor de Floyd Gottfredson, Don Rosa ou Carl Barks. Era un seguidor apaixonado do cómic *Conan o Bárbaro* e gustábanlle

sobre todo dous debuxantes: John Buscema e Alfredo Alcalá.

Gozaba coa vivacidade da narración de espadas e maxia; os encadres e o movemento de cada escena, as elaboradas paisaxes que parecen gravados e o detalle dos debuxos das exuberantes e poderosas guerreiras. “Paréceme estar escoitando a Conan: un elefante é un bicho raro que ten unha cola diante e outra detrás”. En 2007 Peteiro pintou un retrato de Corto Maltés para unha homenaxe a Hugo Prat que publicou *La Voz de Galicia*.

Peteiro interesouse por Mompó, por como pintaba ou combinaba a cor branca coa amarela, a cor máis difícil e a máis próxima á luz; e a verde, que é a gama que máis gratifica o espectador. Impresionouno a súa linguaxe elemental, a súa composición lúdica e a súa capacidade para que os símbolos que empregaba vibrasen; e como encaraba serigrafías e augafortes. Como el, Peteiro fixo tamén os seus propios signos e grafismos en debuxos e óleos. Pintou con negro o debuxo e dispuxo de dúas ou tres cores básicas, esparexendo raias, espirais, ondas ou círculos en papeis e lenzos. Culminaría esta época en

1993 cos elementos esquemáticos sobre óleo branco de *Dársena con gaivota* (1'15×0'97 m): unha interpretación do porto e os edificios do Parrote coruñés.

Xaime Cabanas e el coñecíanse, e ben. De feito, expuxeron xuntos en 1990 na galería coruñesa Espacio Mega. Cómplices de andanzas, mantiveron unha relación intensa e vital, chea de experiencias ao límite. E sempre destilando ideas sobre como facer que a pintura deviñese arte, pero dende estéticas moi distintas. Aínda que coñecían todos os tugurios da cidade, en 2009 había xa tempo que non camiñaban a noite. Con todo, sabían no que andaban, en que traballaban, canto facían, que pintaban e canto vendían.

Os dous xogaron co que tiñan á man, e non tan á man, con precisión, coñecemento e respecto polo traballo e o proceso de creación. Cada un co seu estilo, levantaron envexas entre os mediocres. Sinaláronos con lendas urbanas, lances ou odiseas; pero ambos, sen ningunha épica e cada un á súa maneira, viviron alleos á contorna. Foron dous mitos entre médicos, empresarios, notarios ou avogados, pero as súas pinturas tamén colgan en casas dos Mallos e dos Castros.

De volta en Galicia, en 1992, Beatriz presentoulle a Laxeiro en Vigo. A sintonía entre ambos foi inmediata e a amizade duradeira. Peteiro expuxo en galerías de Vigo e na I Bienal de Lalín. Ao ver os ‘cheques Laxeiro’, debuxos que facía o mestre aos que lle pedían axuda, Peteiro acuñou: “Coa miña pintura teño a fábrica de moeda e timbre”. A miúdo xactábase de ser da xeración que lidou para que moitos superasen a “era do póster”.

Expuxo en Mallorca en 1994 e en Sargadelos Ferrol en 1996. Alfonso Abelenda apreciábao como amigo e como artista; de feito, expuxeron xuntos no Colexio Médico da Coruña e noutras colectivas, e convocáronos a miúdo como membros do xurado de diferentes premios de pintura. Pero, sobre todo, gozaron da amizade, o sentido do humor e a ironía da que ambos facían gala. “[...] Jorge era un pintor que tiraba para diante coa súa técnica, sen importarlle nada. Era un valente, cun grande empuxe e unha capacidade extraordinaria de traballo”, referiu Abelenda en *La Opinión A Coruña*.

“Pinte cadros a partir das miñas fotografías e, tamén, das que outros encadraron. É [...] unha especie de viaxe astral tomando posesión das

cousas”. Expuxo con Víctor Echave, que o captou en mil poses desde os seus inicios. Pedro Puig, Víctor Mejuto ou César Quián fotografárono en exposicións ou entrevistas para prensa. Peteiro posaba a gusto coas súas obras polo medio, facéndose cómplice. Vari Caramés, Xoán Piñón, Manú Cordoní ou Juan Rodríguez, o seu compañeiro do cole, fotografaron tamén os seus cadros para revistas ou catálogos. “É innegable o poder da fotografía para conxelar o tempo, como o da pintura para facelo eterno”.

Sobre os galeristas dicía que debían desempeñar o papel de promotor do pintor: “Para empezar teñen que ser ricos, ademais de cultos. Só así poderán aguantar os tiróns... Claro que deben ter en conta que é un negocio, pero deben apostar por aquilo no que cren. O importante no mercado é que teña prioridade unha parte da vida que son os cadros e non tanto intereses doutro tipo”. As galerías achegaríanlle a Peteiro o seu prestixio, promoción e novos coleccionistas; e a súa independencia e unha nova proposta estética.

É importante entender que a súa relación coas ciclópeas rochas zoomorfas, coa cantería de granito de igrexas románicas e barrocas, e cos bosques

de grandes árbores comezou en terras de Curtis e na leira paterna de Oseiro (Arteixo); e como influíron nel tales paisaxes arcaicas. Tamén foi significativa a súa conexión co Atlántico, a costa galega e as rías. O certo é que tivo barca desde mozo, que gobernou para pescar ou navegar, ata converterse nun bo mariñeiro. Gustáballe bañarse no verán e inverno en peiraos, praias ou nas frías augas dos ríos.

Na súa pintura foron tamén determinantes as estancias estivais coa súa familia no Vicedo, Acoradoiro ou Carnota; o coñecemento das rías de Arousa ou Ortigueira, as praias virxes de Simprón e Ardeleiro, ou os precipicios de Santo André de Teixido. Alí atrapou imaxes e paisaxes; pintou peixes, igrexas e campanarios, aldeas, vilas e cidades, formacións pétreas e portos; cantís, praias e ríos. “Do percebe gústame todo. Encántame para pintar, para comer e para facer deporte. Agora está regulado, pero hai anos ía collelos, eran a base da miña pintura. Gústame todo deles: o sabor a mar, os sitios onde está ou andar polas rochas coas ondas batendo”.

Aínda que a súa mirada se formou no paseo das Pontes, no parque de Santa Margarida e nos fe-

nómenos visuais e construtivos que ofrecían as rúas e prazas da Coruña, a Peteiro fascinábano tamén os petróglifos da Laxe Escrita e a xardinería; navegar, o xogo, as cores, os materiais e as texturas. Pintou os horizontes únicos de Monte Louro no verán e as praias de Boca do Río no outono.

Tamén plasmou torres de igrexas barrocas e en ningún caso esqueceu as súas estancias en Valencia ou Nova York, os seus paseos polo Nilo ou as canles de Ámsterdam. “Lembro as paisaxes que vivín e esa experiencia é a que pinto. [...] pescadores ou barcos, pínтоos emocionantes”. Identificouse coa paisaxe galega, rural e urbana. “Se fago máis urbanas é pola demanda, pero mesmo nelas está presente a natureza, e a natureza galega”.

A pesar de pintar paraxes fáciles de recoñecer por unha persoa galega, calquera observador/a sentirase cómodo/a e comprenderá a sutileza das súas representacións. “Estou colgado da paisaxe galega, nada do que vin por aí fóra me inmuta o máis mínimo”. Peteiro aludía así ao murmuro de carballos, castiñeiros ou loureiros. “Gustoume a cor do sur, pero en Galicia hai máis cor. Só que

son gamas máis difíciles de ver: as sombras non son grises, senón azuis”.

Tampouco era un paisaxista de cabaleta, nin un *plenairista* que traslada vistas, planos ou fotografías ao lenzo. “Os cadros son portas e o pintor ten a chave para abrilas e dar a coñecer a paisaxe”, dixo nunha ocasión. “Certas verdades só se poden contar ao pintar un cadro. Algúns clientes leváronme ás súas xanelas para que lles pintase o que vían. Eu pinteí o que vin”.

Peteiro pintou paisaxes humanas, grupos de esquiadores ou de piragüistas en lenzos de 3×3 m, aglutinándoos e conformando un espectáculo visual; esbozou mergulladores sobre un fondo azul ou un gris metálico; pincelou paisanos pescando e outros indo ao percebe. Tamén personaxes antropomorfas flotando ou bailando. Coa súa simplicidade comunicaba experiencias, personaxes en movemento gozando do que fan. Representaba a actividade humana e o sentido de liberdade; é dicir, respirar sen presión e sen preocupacións. As súas paisaxes humanas conteñen, por tanto, información social.

A partir de 1990, as súas paisaxes urbanas reflectiron unha especialidade vertixinosa e sumamente orixinal; unha pincelada solta e unha execución máis nítida. Repleta de cor, a súa paleta foi máis limpa e afastada de automatismos. “Aínda que te empeñes en facer dous cadros iguais, sempre hai matices, cousas novas, cores diferentes... Xogo con formas e cores, e coa composición”. Representou paisaxes urbanas, mesmo en gran formato, con perspectivas de cidades que coñecía de día e de noite, desvelando lugares, prazas ou edificios e titulándoas polos seus nomes: *Nova York, Union Square, A Fortaleza, Castropol, Palma de Mallorca, Segovia, Pedraza* ou *O Escorial*. Ou edificios singulares como *O castelo de Santa Cruz*, en todas as súas tonalidades.

Peteiro correu riscos, pero sempre resolveu con enxeño e humor. Ata dixo algo parecido ao principal personaxe de Cervantes: “O máis recomendable é ser tolo e cordo á vez”. Segundo afirmou, “non pinto para agradar a ninguén, non estou pendente das expectativas alleas e, por sorte, non teño que render contas”. Coa súa franqueza habitual, non se mordía a lingua: “Non me imaxino sen pintar, fágoo todo o tempo e sei que o resultado é moi bo. A moita xente gústalle

os meus cadros e uns poucos non me poden ver nin en pintura”.

De feito, algúns considerárono un bicho raro que non se axustaba aos canons e tendencias do mercado da arte. “Contar non o que pasa, senón o que se desexa que pase. Comecei pintando indios e acabei pintando coma un indio. Se quero algo, píntoo. E como pinto a felicidade? A pintura ten que ser icónica, se miras unha e outra vez unha esquina do cadro, sempre atopas algo novo. De trás dunha galaxia sempre hai outra”.

Sen ostentación ou pedantería afirmou: “Non é sinxelo facer un realismo irreal; idear paisaxes para moitos recoñecibles, pero de todo desatinadas”. Co seu amigo Rafael Varela Nogueiras departiu sobre a exposición dedicada a Sánchez Cotán en 1992 e o ‘maximalismo’, un concepto recorrente que plasmou no *Manifesto maximalista de Jorge Peteiro*. Consciente de que pertencía á especie de animais simbólicos que aspiran ao benestar, concibiou que a pintura é: formar boas ideas e emocións nos cerebros da xente. “Fuxo do complicado e vulgar, non me gusta a pompa”.

O maximalismo foi un reflexo da súa actitude ante a vida. “Máis é o máximo e consiste en levar as cousas ao límite; por exemplo, ir ao percebe con boa marea. Iso di un pouco da vida. Estamos programados para a acción e só a entendemos cando facemos ou vemos algo”. A súa tendencia é que abunden os detalles para seguir cunha composición complexa dos seus cadros. “Non hai saturación, hai cor... Coa pintura transformo as cousas, expreso cousas maravillosas coa miña propia iconografía e alfabeto pictórico, que non está suxeito ás leis naturais”.

Unha obra que representa tal maximalismo é *A captura do percebe* (1990), que nun principio bautizou como *Telmo Al Liquindoi y los profesionales*: un óleo sobre catro madeiros irregulares de elondo, de 1’95×1’60 m, a cabalo entre a pintura e a escultura. “Nel pinteí uns amigos e a min collendo percebes. Un deles está con prismáticos facendo de vixía para avisar cando vén a onda e que poidamos escapar”.

Os expertos resaltaron a elegancia e a simplicidade complexa da súa pintura; a ausencia aparente de perspectiva en favor da xustaposición de elementos; o seu dominio da paisaxe e da luz;



a súa paleta exclusiva; as súas composicións transmitindo movemento ou as súas panoplias de signos; pero, sobre todo, enxalzarón que a súa pintura transmite frescura, optimismo e alegría vital. Peteiro aclarouno: “Empecei pintando do natural, pero agora penso que as cores están na miña cabeza. Na composición predomina o racionalismo, pero no uso da cor o instinto. Cada vez enriquezo máis o meu vocabulario de signos. Quero transmitir a alegría da vida e unha maneira positiva de ver a existencia. O público agradece mirar un cadro, relaxarse e sorrir”.

Houbo quen dixo que a súa maneira de pintar respondía ao inxenuísimo, á pintura infantil... Sábese que nin compartía ese relato nin tal vínculo. A súa pintura “pouco ou nada cumpre cos traballos de artistas *naïf* como Howard Finster ou Mallebrera. A non ser, que se considere *naïf*, por exemplo, a Chagall”. Segundo Peteiro, “Atopei a sinxeleza pintando en madeira: as cores e as liñas sinxelas funcionan ben pola forza do propio soporte». De todos os xeitos, “pinte un cadro fusilando un debuxo do meu sobriño Brandan cando era crío: o seu debuxo estaba mellor que o meu cadro”.

Decididamente, hai unha gran diferenza entre inxenuísimo e mostrar ‘*innocentia*’ en arte. “É moi difícil crear, aínda que algúns pensen que calquera pode facelo. Se alguén vén con nenos ao meu estudio, sei que vou vender un cadro: os cativos saben escoller o mellor, quedan pasmados diante del. Ou se van co cadro ou a montan. Saco todo de mesturar vermello, azul e amarelo, cores que fago con pigmentos de cobalto e cadmio. Son as que teño na paleta e resultan miles e miles de cores”. De feito, Peteiro contactou con químicos e empresas de pinturas para conseguir pigmentos industriais e obter os seus propios óleos.

Peteiro nunca fixo alarde das súas habilidades nin dos seus coñecementos sobre artes plásticas. “Teño unha chea de bosquejos, cadernos, cadernos e cadernos. Como a miña pintura se presta a representar o que sexa, a min non me importa que me pidan A Coruña ou Vigo. O que me gusta é xogar con formas e cores, e a composición é libre. Aínda que me encarguen algo, non me sinto coaccionado: ata me vén ben, así xa teño por onde empezar”.

Ao observar os seus lenzos pódese non só saber o relato que ofrecen senón tamén como se com-

portará o mundo que orixinou. As descrições son precisas e difiren da arte clásico ou das expostas por outros pintores. Os seus cadros obrigan a cambiar o concepto tradicional do físico. “A capacidade de crear que temos é asombrosa, para o que saiba vela... É moi curioso que lembremos con facilidade as cousas se son inventadas”.

“As persoas imaxinan animais ou cousas identificables nas formas das pedras. No canto de pintar unha pedra, pinto unha pedra con forma de balea, ou de carneiro. Non teño que concentrarme, paseo pola miña cabeza e recoñezo algo que coñezo, píntoo e así chega a ser”. A xustificación da súa contribución á arte, como en calquera outra actividade investigadora, reside na satisfacción alegre e completa que lle producía cando remataba un dos seus traballos.

En definitiva, a esencia da súa pintura está nas conexións que lograba entre os distintos elementos que pintaba e as cores que os compoñen; é dicir, sabía acumular persoas, animais e edificios nun cadro. Reestruturaba a realidade e establecía un escenario. Ás veces remarcábo cunha orladura cromática, que subliñaba o que está dentro e fóra do campo de visión, e que

obriga a ver as figuras de unha en unha. A luz que emana dos seus cadros é igual en todos os seus tramos. E tal contraste conseguíao xustapoiñendo gran cantidade de elementos e coa falta de perspectiva que lles daba volume. Sen sombras, a definición de cada obxecto e o relevo proviñan das cores.

“A miña pintura é amable para o público. É alegre si, atractiva e divertida. Potencia a vida, pero a vida boa: a do xogo e a alegría; é dicir, a vida de verdade, sen enganar”. A verdade non só é un campo da lóxica matemática ou a filosofía, Peteiro elaboraba as súas composicións de forma tan sofisticada e complexa que conseguía que resultasen sinxelas e fáciles de asimilar. “O que viu algunha vez as miñas pinturas identifícaaas comigo de inmediato. Se de algo estou orgulloso é de que o meu estilo se recoñeza”.

Peteiro dedicouse a pintar cadros a un ritmo vertixinoso, con responsabilidade e un sentido estético profundo. En máis dunha ocasión manifestou que quería ser “a vinganza de Van Gogh e vendelo todo”. En ‘Fórmulas do éxito’, artigo que escribiu para *La Voz de Galicia*, precisou como ten que traballar un artista para transmitir

a información correcta: “debe ter moi claro se o que busca é o éxito, a felicidade ou só o diñeiro. Para conseguir o primeiro, unha fórmula que a min me dá resultado: éxito = traballo ao cubo”. Ademais, “hai que aplicar o factor máxico: o que queira éxito que o pinte, o que queira diñeiro que o pinte, o que queira felicidade que a pinte”. E concluía: “Claro que todo este empeño non vale de nada se non se ten algo que transmitir”.

Ao longo da súa traxectoria apréciase unha indagación continua sobre a forma de producir arte, de buscar os soportes e pigmentos adecuados e, sobre todo, de formar unha linguaxe propia. Peteiro pasou a vida convencendo a moita xente de que a súa pintura era auténtica, aínda que evitou a quen non se emocionaba con ela. A súa meta era encher a mente das persoas observadoras con determinadas ideas que espertasen o seu interese.

É admirable a súa destreza para atopar un camiño propio na pintura, vendo o que outros nin vían. “A miña obra xa ten unha linguaxe e, por tanto, xa non quero evolucionar, senón ir amodo. Con todo, aínda me sorprendo a min mesmo, así que estou nunha etapa de plenitude”. Peteiro tivo a

resolución de mostrar o que lle interesaba, nunha contorna e un contexto determinados, no tempo que lle tocou vivir. “Creo que a día de hoxe xa cumprín. Só quero seguir xogando”.

É complexo trazar ciclos ou períodos na pintura de Peteiro. El expúxoo como etapas que se sucedían, sen precisar cando empezaba unha e onde acababa outra. A súa curiosidade residía en como tenteaba, cambiaba e daba continuidade á súa pintura, que consideraba como unha droga que embriaga, confunde e emociona. “A maneira de pintar é sempre similar. Cando un artista atopa algo, queda con iso e a evolución non se percibe tanto. Ao principio busca, por iso fai cousas distintas. Algúns nunca atopan nada”.

A diferenza entre a pintura en xeral e a forma de facer arte de Peteiro residía en que a xente atendía á súa pintura porque ‘falaba’ do que lle interesaba. Era pracenteira, enxeñosa e, sobre todo, compracía; non representaba nada real, evocaba sentimentos, que son máis importantes que o seu significado. Asegurábase de encher os ollos do observador con detalles e cores. O detalle é o que fai que os obxectos parezan reais. “Crear algo novo é complicado, o difícil é que se admi-

ta. Eu vivo do que pinto; son moi poucos os que poden dicir isto. Sigo alucinando cando a xente e os galeristas me chaman, e veñen ao meu estudio para mercar os meus cadros. Será que lles gustan e que lles din algo”.

Dito isto, os 90 foron para el anos de consolidación, de dominio técnico e soltura plástica. Comezou pintando series abstractas conceptuais circulares sobre papel e nas súas composicións expuxo un equilibrio. Instaurou ‘a liña negra’, que adquiriu importancia debido a que a usou para lles infundir movemento aos obxectos. Realizou unha chea de debuxos estudando a súa nova xeometría e, a partir de *Verán do noventa* (1’46×1’45 m), resolveu a fórmula: abarrotar de imaxes e figuras o cadro, integrar cada momento da narración e sintetizar o aspecto das personaxes.

Peteiro abordou un novo ciclo en 1991, cos seus óleos sobre caixas de peixe unidas para configurar un cadro. Expúxoas na Coruña e desconcertou o público e a crítica. *A arca de Noé* (1’46×2’32 m), un dos seus favoritos, está composto por nove caixas de peixe cos animais da arca observando a persoas que gozan facendo deportes náuticos

ao seu arredor. “Tratei as caixas con látex. O óleo fixébase sen problema, pero o salitre penetrou a través da madeira e do óleo. Daba a impresión de ser algo vivo e mellorado”.

En 1992, dúas exposicións con lenzos de gran formato marcaron o seu rumbo como pintor: na galería Sargadelos de Compostela e na galería Dársena da Coruña. De 1993 é *Cristo sen cravos*, unha serie de pequenos óleos, de 32×25 cm, a toda cor ou en negro sobre o lenzo en branco dun Xesucristo que flota por encima dunha cruz e unha paisaxe de fondo. A Peteiro non lle interesou o tenebrismo e rexeitou o concepto de natureza morta. Por invitación de distintas institucións expuxo en Pontevedra –coa súa primeira serigrafía como invitación–, Compostela, Porto e Vigo. Caixa Vigo adquiriu entón obra súa. A partir de cromos antigos, pintou ao óleo sobre papel as súas versións da cúpula de San Pedro ou a abadía de Westminster.

Dedicou catro pinturas con tintas e óleo sobre papel, de 50×68 cm, a Juan Sánchez Cotán, reproduciu os seus bodegóns. Tamén recuperou a noción compositiva do monxe pintor, o efecto escultórico das súas froitas, aves ou hortalizas,

ou o escenario das súas composicións: o oco de xanela. Peteiro integrou sandías ou limóns cunha cafeteira italiana, coitelos ou vasos con flores; e deu forma ás orladuras a modo de pórticos ou xanelas bordeando o contorno do cadro. Presentou tal produción no III Certame Isaac Díaz Pardo; e, máis tarde, en Palma de Mallorca e na Coruña.

En 1995 expuxo na Casa de Galicia de Madrid os lenzos de gran formato: *Boca do río Carnota* (2×2 m); *Piragüistas* (3×2 m) ou *A Fortaleza* (3×2 m), unha visión de Valença do Minho desde o lado español, adquirida por Caixa Vigo. Algún viaxou ao Museo de Arte Contemporánea de Eivissa. Dese ano é tamén *Paisaxe urbana*, óleo (0'73×0'96 m) adquirido pola Fundación María José Jove. Impulsado polo éxito da súa exposición na Casa de Galicia, a galería madrileña Fauna's mostrou as súas creacións e incorporouno ao seu elenco.

En 1996 expuxo na Sargadelos de Ferrol. Tras sendas mostras nas galerías Punto (Valencia) e Bennassar (Pollença, Mallorca), Peteiro presentou os seus lenzos na sala municipal Puerto del Rosario, en Fuerteventura, “Canarias é un complemento para Galicia. Elixín o lugar porque ten máis proxección internacional, hai máis

turismo e é máis fácil darte a coñecer”. Ao seu regreso á Coruña, o I Salón de Outono da Real Academia Galega de Belas Artes seleccionaría un dos seus óleos.

A obra gráfica foi clave na produción de Peteiro e no seu recoñecemento público. En 1993 xa fixera probas e producira unha pequena serigrafía que enviou como invitación da súa exposición de Pontevedra. En 1996 presentou o seu primeiro cartafol: 90 exemplares, de 57×42 cm, con tres serigrafías: *O porto xardín de San Carlos* e *Cidade Vella*. O Banco Pastor adquiriuna –e máis, anos despois– e enmarcouna para as súas sucursais. Tras o éxito, presentou outra con catro paisaxes de portos de Galicia, de 64×51cm.

En 1997, presentou tres serigrafías con imaxes de ríos e árbores; e, en 1999, un novo cartafol: *Pontes do Camiño, Navia de Suarna, Ponte Maceira e Pontebea*. Deseñou *Xacobeo 99* –con tres recreacións de Samos, Santiago e Fisterra–, o cuño e os cartafoles. En 2002 presentou *Faros*, con paisaxes da Torre de Hércules, Fisterra e Muxía. Ante o ruxerruxe dalgúns, introduciu unha copia dunha acta notarial que daba fe da destrución das pranchas matriz.



Foto: Víctor Echave

“Sempre destruí as pranchas, para que as quero? Agora que gastei a pasta no notario: quen queira saber que están destruídas, que compre o cartafol”. COFAGA encargoulle unha serigrafía para os seus socios. A Asociación de Parques Eólicos cinco e Peteiro presentoulles *Galicia Vento*, con tres. Elecnor Renovables encomendoulle outra de gran tamaño, e entregoulles un globo terráqueo (65×80 cm) rodeado de astronautas e naves; e dúas, *Coruña* e *A Dársena*, de igual tamaño, para exposición.

Un dos trazos que define a personalidade de Peteiro foi a súa xenerosidade; dedicou debuxos e cadros a amizades, coñecidos e clientela. Creou numerosas serigrafías, de 16×24 cm, numeradas e asinadas á man, que obsequiaba polo Nadal. Ponderou tanto as súas creacións e obra gráfica que os seus prezos eran alcanzables tanto para particulares como para galeristas. Sempre controlou a calidade e os procesos técnicos de cada estampaxe, supervisando cada pantalla e levando as cores ao límite. As serigrafías que expuxo na Coruña e Bilbao, serían “a grande oportunidade para que unha obra gráfica recoñecida como arte chegue aos fogares cun mínimo investimento”.

Peteiro integrou nas súas esculturas toda a súa gama de cores, simboloxía e bestiario, resaltándoas e transmitíndolles movemento. “A escultura supón xogar co volume: cambian os materiais e relaciónaste con máis xente”. Con todo, “teño que traballar por encargo porque o proceso encaráceo moitísimo: tes que contar con almacén, maquinaria, materiais...”. Se ao principio operou con madeira e granito, en 1996 decantouse pola fibra de vidro, un soporte que lle permitiu aplicar a satisfacción á súa iconografía e á súa paleta.

A súa primeira serie foi *Galiña*: catro esculturas de 1'2x0'60x1'5 m para un coleccionista privado. En 1997 concibiou outro grupo para o Parque Santiago Sur de Tenerife; e outros encargos. En 1998 instalou unha escultura-catavento na entrada do Aquarium Finisterrae coruñés, que se converteu en sinal de identidade da cidade. Na súa base colocou unha placa en galego, castelán e inglés, cun relato particularmente ocorrente: “Peixe serra de dúas colas. Segundo a lenda, foi avistado por estima a 1/2 media milla ao NW do faro da Torre de Hércules polos mariñeiros de San Roque. Corría o 7 de abril de 1946”.

Ese ano expuxo na galería Ra del Rey de Madrid cadros de mediano formato e presentou na Coruña o seu lenzo *Hale Bopp A Coruña* (3x6 m), propiedade do Concello, que conmemora o paso do cometa homónimo durante meses. Pintou o óleo *Xogadores de baloncesto* (3x2 m); paraxes como *Ancoradoiro* (2x3 m), adquirido pola Deputación da Coruña; un tríptico composto por *Camarón amarelo*, *Camarón azul* e *Camarón branco*, cada un de 1x1'16 m; e diferentes óleos con motivos mariños sobre taboleiros de elondo, como *Dársena da Coruña*, e que integraron a exposición que presentou na Estación Marítima da Coruña.

Peteiro normalizara a orladura en moitos dos seus cadros xa en 1990. Ás veces, o reberete era un simple recadro negro; outras, un quebracabezas multicolor con figuras do seu imaxinario: obxectos, animais, figuras antropomorfas... A orladura, centraba a acción principal. Esta forma tan súa de presentación foi outra das súas achegas que renova a noción de como observar un cadro.

Ese ano, Peteiro expuxo na galería compostelá Paloma Pintos a súa visión da igrexa de San Fructuoso e as súas catro *Sotas da baralla*, esculturas que coroan a fachada; e o seu enfoque da



igreja de San Francisco, do ciborio ou da torre do reloxo da catedral. De novo en Madrid, na Galería Fauna's volveu sorprenden a público e crítica con novas pezas afastadas das tendencias e pautas do mercado, e cos seus cadros de menor tamaño.

En 1999, tras o Aquarium, encargáronlle un cartel: nas súas marxes figuraban os nomes que recibiu A Coruña; e os diferentes peixes do seu bestiario formando as palabras 'Casa dos Peixes' sobre un fondo azul mariño. Tamén oficiou o cartel e as ilustracións da revista do *XLV Festival de Ópera da Coruña*. A súa visión e a súa forma de configurar un cartel en absoluto pasaron inadvertidas e, de feito, recibiu máis ofertas.

O Concello de Segovia instalou a súa obra na Sala Alhóndiga: eran óleos de gran formato que captaban a paisaxe castelá, con cores amarelas, ocres e "a vermella, cor sobria e transcendente que atrae"; e, tamén, paisaxes galegas como *Percebes do Roncudo*, de 2×2'7 m. "Tanto lles gustou que a Colección Agustín de Diego adquiriu un...". Outro de Segovia, de grandes dimensións, exhibiuse na Oficina de Turismo aos pés do acueduto.

Na primeira década do novo século, a súa pintura estaba xa repleta de imaxes cunha combinación de cores moi precisa. De 2000 é o *seu Autorretrato en Área Maior* (4,1×4,1 cm): unha declaración de como envolver en cor a sinxeleza dun debuxo con certa simetría axial. Efectuou retratos a demanda e por amizade, pero nunca quixo difundir esta fórmula e que fose tendencia na súa pintura. Si en cambio o xénero, que representa a suma dos seus intereses: retratar a felicidade e, á vez, describir unha nova realidade en cor.

Nos actos do Xacobeo dese ano, Peteiro expuxo na Casa da Parra de Compostela 37 óleos sobre lenzo: desde grandes formatos, como *A Coruña 2000* (2'40×4 m); *Ibiza* (2×2'70 m), sen figuras humanas; ou *Catedral de Santiago* (2×4 m) –colgado en Monte Pío, residencia oficial do presidente da Xunta de Galicia–, con figuras medievais no centro e a orladura; e lenzos de pequeno formato (4,1×4,1cm)! "Aquí o tamaño non importa, o pequeno faise grande e profundo". A repercusión da exposición foi importante na difusión e coñecemento da súa obra. En agosto, levou novos lenzos á Sala do Concello de Carnota. E alí pintou de novo o mar de Lira e as praias de Boca do Río. Entre outras coleccións, a do Banco Sabadell incorporou ese ano a súa pintura.

A medio camiño entre o deseño gráfico e a arte, Peteiro instaurou o logotipo, peza conmemorativa, pin de prata e escultura de bronce da mostra anual Fotoxornalismo-Coruña, que reúne fotografías da prensa local. Oxigen Salud encargoulle tamén o seu logotipo, que incluía un pulmón e os sectores nos que operaba: asistencia sanitaria, alimentaria e industrial; e varios cadros de Barcelona, como *A Sagrada Familia*, que figuraba na súa sede na Cidade Condal. Por último, deseñou a marca e etiquetas dos viños branco e tinto Cypressus, da adega Os Cipreses da Ribeira Sacra.

En 2001 expuxo na sala do BBVA en Barcelona e na galería Joan Oliver Maneu de Mallorca. Tras unha mostra na Casa da Cultura de Yaiza (Lanzarote), pasou un tempo en Fuerteventura pintando e o Centro de Arte Juan Ismael incorporouno á súa colección. En 2002, o Concello de Alacante inaugurou unha retrospectiva desde 1983 con máis de 30 pezas da súa propiedade e préstamos privados: os seus primeiros retratos e pinturas envolventes, óleos sobre troncos e caixas de peixe, lenzos de 2×3 m. Ese ano compuxo varias imaxes que a empresa téxtil NANOS reproduciu nunha colección exclusiva.



Xa en 2003, o Parlamento de Galicia encargoulle un cadro da súa sede da rúa do Hórreo de Compostela. O seu óleo (2×2'7 m) da fachada inclúe a súa iconografía e un ceo estrelado nun día azul. Ademais da estampa da camiseta da Final Four Copa de Europa de Hóckey disputada na Coruña, instalou un lenzo-mural (2×3 m) na planta de Cardiología do CHUAC -unha vista da cidade e o porto desde o barrio das Xubias-, que completou cunha serigrafía (80×60 cm), asinada e numerada. Instalou dous murais de cerámica policromada, de 4×1 m, no Parque Eólico Faro-Farelo, entre Lugo e Pontevedra; e produciu *Ornis-Eólico* por encargo de Enerfin-Enervento: un paxaro en fibra de 6 m, que situou en Jarafuel (Valencia).

En 2005, Beatriz e el instaláronse na súa casa-estudio, deseñada co arquitecto Ramón Quiroga, onde viviron, recibiron a amizade e clientela, e pintaron nos seus respectivos estudos. Aínda así, “teño unha máquina de *pin-ball*, fútbolín e un billar de carambolas: case un parque de atraccións”. Deseñaron o xardín con camelias, fentos e árbores autóctonas, personalizando cada recuncho da casa. “Teño xardineiro... Se me dedicase ás plantas non podería pintar. Como te enlees, estás todo o día

ao asunto. Teño escondida a pa polo si ou polo non.”. Tamén incluíron un horto, pero nunca o pintaron coma Monet.

Peteiro viaxou ao Brasil en 2007 e asumiu o encargo dun mural cerámico de 150 m<sup>2</sup> en Porto Alegre (Rio Grande do Sul) para un edificio do arquitecto Eduardo Artenoechea. “Aínda que el xa elixira a localización do mural nun estanque de 22 m de lonxitude atravesado por unha pasarela, deume vía libre para facer ao meu antollo. E ocorrúeseme representar o Brasil de día e a Galicia de noite, pola diferenza de horarios, en senllos paneis de 4'5 m, unidas polo mar. Tardei meses, cunha chea de artistas e artesáns. A cerámica inclúe pigmentos minerais que durarán centos ou, quizais, miles de anos”.

En 2007, *La Voz de Galicia* confioulle a portada do seu suplemento do Día de Galicia e colaborou con Radio Coruña nunha exposición en favor da fundación Terra de Homes. En 2008 participou na homenaxe a Manuel Curros Enríquez no Quiosco Alfonso; e abordou a escultura dos irmáns Suárez Picallo e un grupo de esculturas en fibra de paxaros, peixes, luras e golfiños, montados nun móbil, para a sede dunha empresa compostelá.

En 2009 compuxo os carteis do Noroeste Pop-Rock e das festas locais para o Concello da Coruña sobre cortiza de elondo. “Se fose un lenzo, seguro que ía querer poñerlle máis detalles”. O cartel das festas, cheo de cor, incluía A Mariña, o reloxo do Obelisco e o Palacio Municipal. E, como flotando, dous peixes, “por María Pita. “Non era acaso pescantina?”.

Con todo, na cartelería en papel do Noroeste Pop Rock incorporou unha figura próxima ao *pop art*: as ondas rompendo contra a Torre de Hércules. Ademais, ilustrou unha panorámica de Lugo e as súas murallas para a portada da novela *Mercurio*, do seu amigo Emilio Alonso; e pintou un cadro para o libro *Os Peteiro de Mandeo*, de Manolo Caínzos, que reconstrúe a historia do seu apelido.

En 2010 deseñou pins de monumentos e edificios emblemáticos da Coruña para *La Voz de Galicia* (22/01/2010). Susana Seivane posou cos oito da serie prendidos na súa gaita e Arsenio Iglesias, adestrador do Súper Dépor, lucindo o do Obelisco na súa lapela, dixo: “*Todo o que saía das mans dese xenio é boa cousa*”. Ese ano concretou un lenzo-mural vertical de 7×1,30 m

para o Depósito de Obras de Arte da Fundación Caixa Galicia da Coruña.

“Pintei un cadro grande con moito vermello –algo novo na miña obra– para unha empresa hostaleira: unha vista da Dársena da Coruña e a Cidade Vella, rodeada de centolas e mariscos. Ao concluílo, asombroume o meu coñecemento anatómico da centola”. Ademais, entregou *Santo André de Teixido* a Senén Varro, entón reitor da USC, que figura no Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares. “Con isto queda resolta a inimidade entre Santo André de Teixido e o bo de Santiago”, afirmou.

Peteiro proxectou, ademais, unha vidreira de 28 m<sup>2</sup> para o salón de actos do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MuNCyT) da Coruña, que varía en función da luz, natural ou artificial, e que instalaron dous mestres vidreiros: Mario Azpilicueta e Polo Enríquez. Na vidreira, formada por 36 paneis de 97×73 cm, Peteiro espallou a súa imaxinación coa súa visión da Coruña en clave tecnolóxica: museos científicos, guindastres e barcos no porto; e, polo aire, avións, estrelas, parafusos e porcas. Para obter o efecto desexado, empregou vidros de oito tipos de azuis, cinco

amarelos, cinco vermellos, sete ocre, sete verdes, catro violetas e sete brancos.

“Mentres pinto unha cousa xa estou a pensar na seguinte e sempre estou inspirado”. Aínda que participou en diversas colectivas, os seus compromisos impedíanlle expoñer. Tras meses de traballo, en 2010 comprometeuse con galería Atlántica da Coruña e presentou 22 lenzos, algúns de gran formato como *A Coruña vermella*, e tres esculturas de fibra de vidro: *Delfín*, *Peixe serra* e *Lura* (1×1×0'45 m), sobre as que pintou paisaxes urbanas. “É como unha das esculturas que fixen, pero cun cadro encima”.

En 2011, asinou a portada de ‘Culturas’ de *La Voz de Galicia* con motivo do 800 aniversario da catedral santiaguesa. Encaixou mosaicos de cerámica nos edificios Vivenda Confort na Coruña; atendeu peticións de empresas e asociacións educativas e culturais; e impartiu un taller práctico para o programa Art Academy, de Nintendo DSi. E volveu pintar en gran formato a Catedral de Santiago e, por petición expresa, *Mugardos*, *Santo André de Teixido*, *O Caurel*, *O castelo de Santa Cruz*... Aínda que deixou inconcluso o deseño e a instalación dun mural en Quebec (Canadá), en 2012 acometeu

a súa última serigrafía de 0'5×1m. “Pintar é un xogo e xogar é ser feliz. Ao final deime conta: é o único que me importa e que me gusta”, afirmou.

Aínda así, efectuou distintas intervencións con intelixencia e humor ata o seu falecemento o 20 de febreiro de 2013. “A miña pintura non ten fallo, logo os meus cadros son perfectos”. De feito, figura en coleccións privadas, en empresas e bancos; museos, fundacións e institucións; tamén en concellos, Xunta de Galicia ou Deputación da Coruña, e en hospitais e universidades galegas.











# CATÁLOGO

*San Andrés de Teixido*  
172 x 212 cm  
Óleo sobre lenzo  
1986  
Colección privada





*Dolor de Garganta*  
19 x 11 cm  
Óleo sobre buxo  
1988  
Colección privada



*Figura en un trono de árbol*  
152 x 52 x 5 cm  
Óleo sobre madeira  
1988  
Concello da Coruña



*Santa Ría I*  
95 x 31 cm  
Óleo sobre madeira  
1988  
Colección privada



*Santa Ría II*  
100 x 34 cm  
Óleo sobre madeira  
1988  
Colección privada





*La captura del percebe*  
196 x 160 cm  
Óleo sobre madeiras  
1989  
Colección privada





*El arca de Noé*  
145 x 231  
Óleo sobre caixas de pescado  
1990  
Colección privada



*N.Y. Con Edison*  
24 x 14 cm  
Gouache tinta china  
sobre papel  
1991  
Colección privada



*Empire State*  
24 x 14 cm  
Gouache tinta china  
sobre papel  
1991  
Colección privada



*Empire State N.Y. City*  
15 x 12 cm  
Gouache tinta china  
sobre papel  
1991  
Colección privada





*Caballitos amarillos*  
50 x 65 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada



*Dibujo de Nueva York*  
11 x 15 cm  
Tinta china e  
gouache sobre papel  
1991  
Colección privada



*Indio*  
30 x 22 cm  
Gouache tinta chinesa  
sobre papel  
1991  
Colección privada



*La noche en el Museo Metropolitano de Nueva York*  
121 x 121 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada





Mamaroneck, Nueva York  
121 x 151 cm  
Óleos sobre lenzo  
1991  
Colección privada

*Union Square,*  
60 x 60 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada







*Empire State*  
150 x 120 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada



*City and states liberty*  
190 x 120 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada





Grace Church of New York  
60 x 60 cm  
Óleo sobre lenzo  
1991  
Colección privada





*Río en Otoño*  
38 x 45 cm  
Óleo sobre lenzo  
1992  
Colección privada



*Duna*  
40 x 50 cm  
Óleo sobre lenzo  
1992  
Colección privada



*Nueva York - Piago - Lugo*  
80 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
1992  
Colección privada





*La peregrina*  
146 x 195 cm  
Óleo sobre lienzo  
1992  
Colección privada



*Vista Lucense*  
35 x 42 cm  
Óleo sobre lenzo  
1992  
Colección privada





*Via Crucis*  
60 x 50 cm  
Óleo sobre lenzo  
1992  
Colección privada

*Cristo desclavado*  
24 x 31 cm  
Óleo sobre lenzo  
1993  
Colección privada



*Bodegón*  
17 x 12 cm  
Gouache tinta china  
sobre papel  
1993  
Colección privada



*Homenaje a Sánchez Cotán*  
49 x 68 cm  
Gouache tinta china sobre papel  
1993  
Colección privada





*Nocturno*  
40,5 x 50,5 cm  
Óleo sobre lenzo  
1993  
Colección privada



*Ventana con cafetera*  
90 x 72 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada



*Cafetera*  
60 x 52 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada





*Mellor pescar*  
65 x 92 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada



*Paisaje con avión*  
34 x 43 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada



*Parrote*  
97 x 116 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada









*Boca do Rio. Carnota*  
200 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada



*Marina*  
 78 x 90  
 Óleo sobre lenzo  
 1995  
 Colección privada



*Toro*  
 15 x 35 cm  
 Acuarela e tinta  
 chinesa sobre papel  
 1996  
 Colección privada



*Paisaje con Iglesia Nocturno*  
130 x 146 cm  
Óleo sobre lenzo  
1995  
Colección privada





*La Fortaleza*  
101 x 93 cm  
Óleo sobre lenzo  
1996  
Colección privada



*Bodegón en el río*  
115 x 130 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Colección privada





*Esquiadores*  
133 x 165 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Colección privada





Mera  
160 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Deputación da Coruña

*Ventana*  
100 x 73 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Colección privada







*A la almeja*  
91 x 130 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Colección privada




*Padre e hijo*  
61 x 72 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Colección privada





*Casa de las Ciencias*  
92 x 73 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Concello da Coruña





HALE-BOPP

LA CORUÑA





*Hale-Bopp La Coruña*  
300 x 600 cm  
Óleo sobre lenzo  
1997  
Concello da Coruña



*Cielo de Coruña*  
54 x 72,5 cm  
Óleo sobre lenzo  
1998  
Colección privada

*Monte do covo*  
220 x 210 cm  
Óleo sobre lenzo  
1998  
Colección privada







*Ancoradoiro*  
200 x 300 cm  
Óleo sobre lenzo  
1999  
Deputación da Coruña







*Bodegón*  
61 x 50 cm  
Óleo sobre lenzo  
1999  
Colección privada





*La dársena de Coruña*  
135 x 130 cm  
Óleo sobre madeira  
1999  
Deputación da Coruña







*Catedral de Santiago*  
137 x 195 cm  
Óleo sobre táboa  
1999  
Colección privada





*Pedraza*  
130 x 162 cm  
Óleo sobre lenzo  
1999  
Colección privada



*La Marina*  
200 x 165 cm  
Óleo sobre lenzo  
1999  
Colección privada



*Roncudo*  
73 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
1999  
Colección privada













*Siesta en Compostela*  
200 x 270 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada





*Centro de Planificación Familiar*  
38 x 55 cm  
Óleo sobre lenzo  
2000  
Concello da Coruña



*Paisaje*  
55 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
2000  
Colección privada

Sorrizo  
116 x 89 cm  
Óleo sobre lenzo  
2000  
Colección privada







*Mugardos*  
73 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
2001  
Colección privada







*Monte Louro*  
200 x 270 cm  
Óleo sobre lenzo  
2001  
Colección privada









Sen título  
675 x 130 cm  
Óleo sobre lenzo  
2003  
Colección Abanca





*Muralla de Lugo*  
73 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
2007  
Colección privada



*Coruña*  
130 x 220 cm  
Óleo sobre lenzo  
2007  
Colección privada



*Pez Espada*  
135 x 45 x 50 cm  
Fibra de vidrio  
2008  
Colección privada





*Autorretrato en Area Mayor*  
41 x 41 cm  
Óleo sobre lenzo  
2000  
Colección privada





*Iglesia de Mezonzo - Vilasantar*  
41 x 41 cm  
Óleo sobre lenzo  
2010  
Colección privada



*La bolsa de Nueva York*  
100 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
2010  
Colección privada



*Mapa Mundi*  
66 x 92 cm  
Serigrafía  
2011  
Colección privada





*A Coruña*  
100 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
2012  
Colección privada









*Santiago con pavo real*  
100 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
2012  
Colección privada



*Vista de A Coruña*  
61 x 81 cm  
Óleo sobre lenzo  
2013  
Colección privada



*A Coruña desde el Nautico*  
61 x 89 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada





*Betanzos en rojo*  
41 x 41 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada



*Castillo de San Antón*  
73 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada



*Castillo de Santa Cruz*  
41 x 55 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada





*Horreos de Miñarzos*  
41 x 41 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada



Coruña  
100 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada









*Lugo*  
38 x 46  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada





Padrón, A Coruña  
38 x 46 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada



*La Roja*  
222 x 200 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada







*Peregrina*  
26 x 26 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada





*Brandán en la Gomera*  
100 x 130  
Óleo sobre lenzo  
1995  
Colección privada



*Gaviotas*  
80 x 100 cm  
Óleo sobre lenzo  
1994  
Colección privada





*Iglesia*  
80 x 80 cm  
Óleo sobre lenzo  
Sen data  
Colección privada









*Vista de Coruña*  
226 x 131 cm  
Óleo sobre lenzo  
Colección MUNCYT



*Delfines*  
135 x 45 x 50 cm  
Fibra de vidrio  
Colección privada





## BIBLIOGRAFÍA

Listaxe de catálogos, vídeos, artigos de prensa e libros que fan referencia a Jorge Peteiro; con seguridade, haberá outras que non podo examinar ou descoñeza a súa existencia.

- ACCION, PABLO, Peteiro expón na Araguaney, El Correo Gallego 06/08/1993.
- ALBO, FRANCISCO, Tres obras do artista Jorge Peteiro decoran el parque eólico Faro-Farelo, La Voz de Galicia, 21/09/2005.
- ALONSO, CARLOTA, Jorge Peteiro Muestra su última obra, El Punto de las Artes 04/1998.
- ALONSO, CARLOTA, Jorge Peteiro, Historias, alegría, El Punto de las Artes 12/1998.
- ALONSO, CHARO, El arte gallego, de luto por Peteiro, La Opinión A Coruña, 21/02/13.
- [Archivo de Vídeo]. TVG2. Jorge Peteiro-Eirado 27-10-2012 [www.youtube.com/watch?v=HgLIInPWakCQ&t=193s&ab\\_channel=148marci](http://www.youtube.com/watch?v=HgLIInPWakCQ&t=193s&ab_channel=148marci)
- [Archivo de Vídeo]. ADIVINA PRODUCCIONES, Peteiro Estación Marítima.1998. [www.youtube.com/watch?v=4Ucwby7Dadk&t=131s&ab\\_channel=oscar4ogurus](http://www.youtube.com/watch?v=4Ucwby7Dadk&t=131s&ab_channel=oscar4ogurus).
- [Archivo de Vídeo]. GALICIA 24 HORAS. Arte y Cultura. Jorge Peteiro. [https://www.youtube.com/watch?v=TltNVoISfUA&t=4s&ab\\_channel=galicia24horas](https://www.youtube.com/watch?v=TltNVoISfUA&t=4s&ab_channel=galicia24horas)
- ARROYO, M<sup>a</sup> DOLORES, Peteiro en Compostela, El Punto de las Artes 07/2000.
- ARROYO, ROSALIA, Peteiro, pintor de estilo propio, XL El Semanal 10/04/1995.
- BARREIRO, XOSÉ RAMÓN, catálogo Peteiro, Retrospectiva, Lonja del Pescado, Ayuntamiento de Alicante, 2002.
- BERTOJO, MIGUEL, Naturalismo lúdico del s. XXI, Tecniarte 03/1994.
- BERTOJO, MIGUEL, Las formas de la alegría, Babelia, El País 26/12/1998.
- BERTOJO, MIGUEL, Magia sobre lienzo, El País de las Tentaciones, 30/06/2000.
- BILBAO, CONCHI, Entrevista a Xurxo Peteiro, El Correo Gallego, 10/06/2001.
- BLANCO, NACHO, Un baño de arte y luz, La Voz de Galicia, 24/07/2005.
- BUGALLAL, ISABEL, Jorge Peteiro, Pintor, La Opinión A Coruña 14/12/2007.
- BUGALLAL, ISABEL, Jorge Peteiro, El pintor del colorido y la alegría, La Opinión A Coruña, 21/02/2013.
- CAMPOVIEJO, MARUJA, Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 18/08/2010.
- CARRO, ANA, Puertas que son obras de arte, La Opinión Coruña, 09/04/18.
- CASARES, NILO, Hablando Marciano, La Voz de Galicia, 22/02/2013.
- CASTRO, ANTON, Unha visión da arte galega, catálogo Diputación Coruña, 1992.
- CASTRO, JOSE, Pictograma, El ideograma, El Ideal Gallego, 31/5/93.
- CORDERO, SERAFIN, Noroeste cero, Concello de Coruña, Kiosco Alfonso 1985.



- CORREDOIRA, PILAR, catálogo Jorge Peteiro, Sala BBVA Barcelona, 2000.
- CORTES, CARLOS, Dónde está el «Ornis Eólico», La Voz de Galicia, 03/11/2013.
- DÍAZ GUARDIOLA, JAVIER, Peteiro, ABC Cultural, 31/12/1998.
- DÍAZ, M., Jorge Peteiro en la Galería Maneu, Última Hora Mallorca, 16/05/2001.
- DÍAZ TUESTA, M<sup>a</sup> JOSE, Una exposición colectiva de 45 pintores gallegos recorre las últimas tendencias, El País, 08/09/1999.
- DÍEZ, SARA, Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 18/06/2000.
- FERNAN VELLO, MIGUEL ANXO, Paixase Allegro de Jorge Peteiro, catálogo Sargadelos Ferrol, 1996.
- FERNÁNDEZ, XAIME, Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 21/02/2013.
- FLORES, JESÚS, Cambiar sería un desperdicio, La Voz de Galicia, 12/12/2008.
- FRAGA, JESÚS, Jorge Peteiro: Frases, La Voz de Galicia, 21/02/2013.
- FRAGA, JESÚS, Peteiro, Vocación de estilo, La Voz de Galicia, 22/02/2013.
- FREIRE LEIRA, JUAN CARLOS, Arte na Provincia: espazo e creación II, catálogo Diputación de Coruña, 2009.
- GARCÍA MARQUEZ, MARTA, Entrevista a Jorge Peteiro, El Ideal Gallego, 28/10/2012.
- GARCÍA MARQUEZ, MARTA, Un año sin su paleta de 500 colores, El Ideal Gallego, 03/03/2014.
- GARCÍA, RODRI, Entrevista a Beatriz García Trillo y Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 10/01/2010.
- GARCÍA, RODRI, El salón de actos del Muncyct tendrá un mural de Peteiro, La Voz de Galicia, 04/05/2010.
- LENS, JOAQUÍN, Colectiva en el Casino Atlántico, La Voz de Galicia, 02/06/2002.
- LIMIA GORGON, FRANCISCO J., Colección de Arte Parlamento de Galicia, 2018.
- LOPEZ GALLEGO y CORREDOIRA PELLEJERO. Colección de Arte del Ayuntamiento de A Coruña Tomo II, 2009.
- MARCO, CARLOS D., Vistas de Jorge Peteiro, El Cultural ABC 07/06/1996.
- MALLO, ALBINO, Xeroglíficos de Mil Colores, El Correo Gallego 23/04/1995.
- MALLO, ALBINO, Pinturas Peteiro, El Correo Gallego, 21/06/1998.
- MALLO, ALBINO, Peteiro Serigrafías, El Correo Gallego, 04/08/1999.
- MOAR, FRAN, Pintor Peteiro, La Voz de Galicia, 26/08/1999.
- MOLEZUM, FERNANDO, Jorge Peteiro en su rincón, La Voz de Galicia, 05/12/2000.
- MON, FERNANDO, Jorge Peteiro, El Ideal Gallego, 04/09/1984.
- MORROGH, FEDE, La Vida Alegre, El Correo Gallego, 28/11/1993.
- NUÑEZ CENTELLA, RAMÓN, Entrevista a Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 29/12/2012.
- NUÑEZ CENTELLA, RAMÓN, La Gran Vidriera de Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 22/02/2013.
- NUÑEZ CENTELLA, RAMÓN, La Pintura, su juego favorito, ABC, 22-02-2013.

- OTERO BOUZA, FÁTIMA, Las Nuevas Pinturas de Peteiro, El Correo Gallego, 19/05/1992.
- OTERO BOUZA, FÁTIMA, Jugando al parchís con Jorge Peteiro, El Correo Gallego, 08/07/2000.
- OTERO BOUZA, FÁTIMA, Emocionado Adiós a Jorge Peteiro, El Correo Gallego, 03/03/2013.
- OTERO, MARTA, Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 15/04/2012.
- PABLOS HOLGADO, FRANCISCO, Arte no Parlamento de Galicia, 2003.
- PRATS RIVELLES, RAFAEL, Colección de Arte Contemporáneo UNION FENOSA, A Coruña, 2007.
- PASSARIUS, MASCARO, Jorge Peteiro, Diario de Mallorca, 02/04/1994.
- PENAS, ANXELES, Adiós a Jorge Peteiro, El Ideal Gallego, 24/02/2013.
- PENAS, ANXELES, Primeras figuras del arte galego del XIX y XX, El Ideal Gallego, 03/08/2014.
- PEREIRO, XOSÉ MANUEL, Jorge Peteiro, pintor a contracorriente, El País 22/02/2013.
- PÉREZ, ISABEL, Peteiro, Diario 16 de Galicia, 26/04/1992.
- PETEIRO, JORGE. Formulas del Éxito, La Voz de Galicia, 05/02/2005.
- PEREZ DORAO y VASCO DEL CASTILLO. A Coruña. A cidade na arte, Museo de Belas Artes da Coruña 2008.
- PORTABALES, PABLO, La colección de arte más coruñesa, La Voz de Galicia, 20/01/2010.
- PORTABALES, PABLO, El pintor Jorge Peteiro presenta por primera vez paisajes de A Coruña o Carnota sobre fibra de vidrio, La Voz de Galicia, 15/03/2010.
- POUSA, LUIS, Fallece Jorge Peteiro, el pintor que iluminó la mirada del arte, La Voz de Galicia, 21/02/2013.
- PRIETO, LUNA, Peteiro en Sargadelos, La Voz de Galicia, 30/04/1996.
- REDACCIÓN. Peteiro Inaugura en la Galería Darsena, Diario 16, 31/05/1992.
- REDACCIÓN. Peteiro en la Galería Severo Pardo, El Faro de Vigo, 10/05/1993.
- REDACCIÓN. Cultura Madrid, Peteiro acada un éxito da crítica en Madrid pola mostra la estación marítima, La Voz de Galicia, 03/01/1999.
- REDACCIÓN. Peteiro Casa da Parra, El Correo Gallego 20/06//2000.
- REDACCIÓN. Portada de Peteiro Día de Galicia, La Voz de Galicia 25/07/2007.
- REDACCIÓN. Portada de Peteiro 800 años de la Catedral de Santiago, La Voz de Galicia, 29/01/2011.
- RUÍZ, JACINTO, Entrevista Jorge Peteiro, La Voz de Galicia, 13/09/2008.
- R, I., Adiós a Jorge Peteiro, colorista de lo urbano, ABC, 20/02/2013.
- ROZAS, MERCEDES, Colección Fundación María José Jove, 2006.
- ROZAS, MERCEDES, El Arte de hacer el bien, La Voz de Galicia, 12/12/2008.
- SALAZAR, IVANIA, Peteiro instala un gran mural en Brasil, La Voz de Galicia, 04/01/2008.
